

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE MARZO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de marzo de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e catro minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificacion Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Dna. Pilar López Martínez, de non adscritas/o, di que dado que no Pleno pasado aconteceu o que aconteceu, ó lóxico é que se absteñan. Dna. Julia Rodríguez Barreira, do Grupo do PP, pronúnciase no mesmo sentido.

Sometido a votación, o Pleno, por sete votos a favor (Grupos Socialista e de Esperta Monforte) e dez abstencións (Grupos do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o), acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 26 de febreiro de 2018.



PARTE RESOLUTIVA

2. PROPOSTA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN AMARCAN DE BORRADOR DE ORDENANZA/REGULAMENTO SOBRE PROTECCIÓN, BENESTAR E TENZA RESPONSABLE DE ANIMAIS.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. M^a José Vega Buján).

Non houbo pronunciamento formal sobre este asunto na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos, pero quedou constancia do acordo que se somete ao Pleno. En base a iso e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Tomar en consideración o borrador de Ordenanza/Regulamento sobre Protección, Benestar e Tenza responsable de Animais presentado pola Asociación Amarcán, sen prexuízo do cumprimento da normativa sobre a potestade regulamentaria local para levar a termo unha ordenanza ou regulamento nesa materia.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde dálle a palabra, por tempo de seis minutos, a Dna. Lorena González Blanco, presidenta da Asociación Amarcán, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

A representante da Asociación Amarcán di, a raíz de declaracións do Alcalde, que non teñen vinculación política, os animais non son unha arma política; que a portavoz sexa do Saviñao, non quita as obrigas de Monforte, temos xente de Monforte e iremos a outros Concellos. Temos tido contactos con Medio Ambiente da Deputación, estase incumprindo a lei, foi a Deputación e non Amarcán quen decidiu que o albergue estivese en Monforte. Puxemos ao corrente disto ao Alcalde, que deixa pasar o tempo sen aportar o terreo requirido. Para máis incerteza, dixo o Alcalde que en Monforte non estaría o albergue, contradicindo o xa falado. Que diga o Alcalde o estado real das cousas. Informamos ao Alcalde da nova lei de animais domésticos e da necesidade de traballar nunha nova ordenanza. Dende Amarcán traballamos para que se cumpra co novo marco legal. Participamos nun Pleno obtendo o apoio de todos menos do PSOE. O equipo de goberno de Monforte non fixo nada. Esixencias burocráticas para os demais e incumprimentos propios. Pasou o tempo e seguimos igual. Solicitamos participar no Pleno de xaneiro e denegósenos por unha cuestión técnica. Solicítámolo de novo para o Pleno de febreiro, coa lei xa en vigor, e dixósenos que non aportabamos nada novo. Estamos en marzo, cambiou algo en Monforte? Nada. Á vista dos feitos, nós mesmos elaboramos un borrador de ordenanza, sen remuneración económica, que está baseada na lei en vigor. Non buscamos que o noso borrador sexa aprobado, senón que sirva para elaborar unha ordenanza definitiva. Hai que dar canto antes os pasos

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 2 de 71



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200029CEF00C9S1U7T4R9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07

DOCUMENTO: 20180171247



necesarios para tela e para que se cumpra a lei. Para isto, propoñemos: 1.- Nomear o equipo responsable dos traballos de elaboración da ordenanza e de marcar os tempos para que entre en vigor. 2.- Elaborar un bando municipal que explique isto aos veciños. 3.- Establecer coa Policía Local un protocolo de actuación para os cans perdidos que deambulen polo territorio municipal. 4.- Proceder a elaborar un censo de animais domésticos. 5.- Proceder a elaborar un censo das colonias felinas do termo municipal. 6.- Poñer a disposición da cidadanía un punto de información para resolver dúbidas ou denunciar situacións. Solicitamos desta Corporación que aproben estes seis puntos e que se traballe para cumprir a lei. Quedamos a disposición da Corporación e do equipo de goberno para o que estimen oportuno.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos membros da Corporación municipal:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que lle gustaría preguntarlle ao Alcalde que é o que imos votar exactamente, se son os seis puntos expostos ou que é o que imos votar. Dicímoslle á Asociación Amarcán que valoramos o seu traballo e o seu esforzo, a súa preocupación polos animais. Que sexa a última vez que tivo que pedir dúas veces intervir no Pleno e non puido. Sobre todo no Pleno anterior, eu propuxen un punto para isto, foi un tanto bochornoso. Le o artigo 253.4 da Lei 5/1997 sobre intervención do público ao remate da sesión. Non se trataba dunha cuestión legal; e se hai defecto de forma, hai que corrixilo. Á espera de que saibamos o que hai que votar, menos mal que á terceira foi a vencida. Unha sociedade que se preocupa polos seus animais é unha boa sociedade. Todos debemos cumprir as normas. Seguirei na segunda quenda, sabendo o que imos votar.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que comparte cousas que acaba de escoitar. Unha vez máis, igual que no Pleno anterior, non entendo porque chega a isto o Alcalde. A asociación non puido intervir en xaneiro e febreiro, e agora en marzo si, do que me alegro. Esperta Monforte ten traído mocións sobre o mundo animal. Está ben o traballo bo e xeneroso que están a facer en Amarcán. Cando nós trouxemos a moción, houbo argumentos de que a lei non prohibía; agora si o prohíbe, é lamentable non ir por diante. Aclarar que é o que imos votar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que felicita á Asociación Amarcán. Dámoslle a benvida ao Pleno, onde antes non puido intervir. Actúan en favor dun dereito que afecta a toda a comarca. Felicitalos polo tesón e a entrega a isto, é bo que os tivesen moitos colectivos. Pregunta Amarcán para que serve o que aquí se vota, debería servir. Teñen o mérito de elaborar unha ordenanza. Levamos anos pedindo cantidade de ordenanzas que non conseguimos que vaian adiante. Temos problemas de colonias de gatos por toda a cidade. Parécennos medidas razoables as de Amarcán e que se nos aclare o que imos votar. Está o de aportar terreo para o albergue, vaise debater na Deputación. Que nos neguemos a que sexamos o lugar do albergue comarcal, é negarse tamén a que iso poida repercutir en postos de traballo, aínda que sexan poucos. Esperta Monforte trouxo aquí o do circo sen animais e dixémoslle que non era competencia municipal e que non podíamos prohibir sen amparo legal. Non se arrogue que só vostede ten sensibilidade animalista. Aclarar, si, o que se vai votar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que felicita a esta asociación por participar na vida política de Monforte. Agradecer o borrador de ordenanza. É preciso adaptar a



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



ordenanza á lei. Este Grupo, mañá na Deputación, vai levar ao Pleno o dunha canceira aquí xunto coa canceira de Sarria. Tamén se fixo unha pregunta, que traio hoxe aquí.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que vai explicar o punto de vista do equipo de goberno. Si se cumpre a lei. Si se participa, o que agradecemos e respectamos, pero a lei reserva ao goberno municipal determinadas iniciativas. Monforte é o que mellor cumpre xunto con Quiroga e Chantada. Tamén está o tema dos propietarios. Temos, igual que no mandato anterior, un contrato para a recollida. A lei carece dun regulamento de desenvolvemento. A propia lei non leva aparelhada unha memoria económica. Non se di quen vai financiar o custo desta lei. Ningún Concello elaborou nada ata agora. Hai un malestar dos Concellos, que a Fegamp trasladou á Consellería de Medio Ambiente; a Conselleira recoñeceu o problema financeiro, vaise ver como a Xunta e a Deputación participan en resolvelo. Monforte cobre as súas necesidades, estamos dispostos a colaborar en igualdade de condicións. Non sabemos se Amarcán contou con cazadores e outros. Resulta sorprendente a fixación política con Monforte, por que non isto noutros Concellos da comarca? Algúns teñen máis cans que Monforte. Monforte é solidario, pero non pagará o pato de ninguén.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que pediu educadamente saber que imos votar. É unha tomadura de pelo, unha actitude prepotente. Menos mal que á terceira puideron intervir. Di o Sr. Torres que a lei non ten partida económica, é unha excusa moi barata. Di que en ningún Concello, en decembro fomos o primeiro como concello emprendedor, lamento que tamén nisto non sexamos o primeiro. A dobre vara de medir, lamento que non haxa o mesmo ímpeto. Reitero o agradecemento ao traballo e ao esforzo da asociación. De acordo cos seis puntos que nos trouxeron. O borrador da ordenanza paréceme perfecto.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que estas maneiras de actuar sácana das súas casillas. O Sr. Torres sempre coa lei, a lei non di que non se poida mellorar, que non se poida ser pioneiro. Non sería vostede o primeiro, outros xa deron o paso, aínda que non teño aquí a relación. Entendín que hai un compromiso con Medio Ambiente da Deputación; se iso é así, onde está o problema. Non están a falar de sacar diñeiro aos monfortinos, senón de dar os primeiros pasos. Quererán sacar algo positivo da súa intervención. Preocupareime dos cartos públicos, aquí non vexo o problema. O Consorcio da Ribeira Sacra tamén lle custa moito a este Concello. Podería ser similar, por habitantes. Un mal camiño, se non se fai isto posible.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que se refire aos enredos legais do portavoz do Grupo Socialista. Moitas leis hai sen regulamento, que entran en vigor e non impiden ordenanzas municipais. Ferrol ten ordenanza dende decembro. Pontevedra, un bando. Non me veña con fins políticos, en Ferrol non goberna o PP. Que lle preguntemos que se vai votar e non se diga, é unha falta de respecto enorme. Na Comisión era unha cousa, pero aquí hai seis puntos presentados. E non digamos os argumentos de que noutros sitios hai máis cans. Mañá na Deputación decidirán construír albergues se teñen terreos cedidos. Non vexo problema, pero queremos saber que imos votar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que o feito de que Monforte sexa cabeza de comarca, tamén deberá servir para isto. Para o albergue, cómpre vontade de facelo.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



(Intervén o Sr. Secretario para dicir que o que se somete ao Pleno é o ditaminado na Comisión informativa).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que o acusa de prepotente e despois quere unha terceira quenda. Poderá intervir en rogos e preguntas, vexa os que houbo co equipo de goberno ao que vostede pertencía. Que non é relevante, segundo Dna. Julia Rodríguez, a memoria económica, non saio do meu asombro. Eu non dixen nada de tomadura de pelo, mentira. Non se terxiversen as miñas palabras. Hai sensibilidade para a construción do albergue e hai carencias da lei.

(Di Dna. Pilar López que tomadura de pelo é dicir que quero falar tres veces, porque non se contesta a pregunta formulada. Di Dna. Julia Rodríguez que é correcto o que dixo o Secretario, pero tamén están os seis puntos que trae a asociación. O Sr. Alcalde dille que non o obligue a chamala á orde. Discuten. O Sr. Alcalde dille a Dna. Julia Rodríguez que a chama á orde por primeira vez. Dna. Pilar López di que se se nos tivese contestado).

(O Sr. Secretario le o que resulta do ditame da Comisión informativa que se somete a votación).

3. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2018: BASE 31.A) SUBVENCÍONS NOMINATIVAS. BASE 31.B) SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA.

Foi emitido ditame pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“ANTECEDENTES

O día 01/03/2018 aprobouse definitivamente o orzamento para o 2018 en cuxo expediente se inclúen as subvencións nominativas e de concorrencia, na base núm. 31 das de execución.

1. Con respecto ás subvencións nominativas, recolle a seguinte:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBJECTO	APORTACIÓN
	NIF	NOME/RAZON SOCIAL		
231/48004	R2701016D	CÁRITAS	COLABORACIÓN EN CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS	5.000,00

Debido a un erro de transcripción, o obxecto do convenio a asinar con CÁRITAS é o mesmo que o do ano anterior. Detectado o erro e vista a proposta de Cáritas no que se explica en qué vai a consistir o programa a financiar a través de subvención nominativa, que se corresponde cun programa de axudas para cubrir as necesidades básicas de persoas en situación de desvantaxe en Monforte.

2. Entre as de réxime de concorrencia recóllense as seguintes:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
------------	--------------	---------

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 5 de 71



ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
231	48003	SUBVENCIONS ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL ACTIVIDADES 2017	12.000,00
PROMOCION CULTURAL			
338	48000	FESTAS BARRIOS E PARROQUIAS FESTAS 2017	17.500,00

Que tamén recollen un erro ó facer referencia a 2017, por transcripción do cadro do exercicio anterior, que debe ser substituído por 2018, exercicio ó que se refiren as actuacións a subvencionar.

CONSIDERACIÓNS

Faise necesario modificar este apartado para recoller o obxecto real no que se concreta a subvención, sen modificar o importe total consignado no orzamento, mantendo así mesmo as demais subvencións recollidas na base 31ª nos mesmos termos e importes.

En virtude do anteriormente exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2018, concretamente a base 31ª.A), no que se refire á subvención nominativa a CÁRITAS do seguinte xeito:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBJECTO	APORTACIÓN
	NIF	NOME/RAZO N SOCIAL		
231/48004	R2701016 D	CÁRITAS	PROGRAMA DE AXUDAS PARA CUBRIR AS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE EN MONFORTE.	5.000,00

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2018, concretamente a base 31ª.B), no que se refire ós exercicios de realización das actividades a subvencionar, do seguinte xeito:

APLICACIÓN		DENOMINACIÓN	IMPORTE
ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			
231	48003	SUBVENCIONS ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL ACTIVIDADES 2018	12.000,00
PROMOCION CULTURAL			
338	48000	FESTAS BARRIOS E PARROQUIAS FESTAS 2018	17.500,00

Terceiro: Expor ó público a modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2018, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados, de non presentarse reclamacións a modificación entenderase definitivamente aprobada.”

(Non houbo intervencións neste asunto).



4. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DE OBRAS DE ASCENSOR E EN VIVENDA UNIFAMILIAR E BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Foi emitido ditame pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Logo de comprobar as solicitudes de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras que se relacionan:

suxeito pasivo	NIF	RE	data	DESCRIPCION OBRA
CDAD PROPIETARIOS AVDA GALICIA, 27	H27128081	14443	13.10.2017	OBRAS SUBSTITUCION MAQUINARIA DO ASCENSOR EFIFICIO SITO AV. GALICIA 29
MEIRA RODRIGUEZ CRISTINA	34265544Y	3184	02.03.2018	OBRA RECONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR ACEA NOVA

Logo de comprobar o ingreso realizado polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións e obras correspondente ás anteriores obras:

suxeito pasivo	NIF	DESCRIPCION OBRA	concesión licencia obras	importe icio
CDAD PROPIETARIOS AVDA GALICIA, 27	H27128081	OBRAS SUBSTITUCION MAQUINARIA DO ASCENSOR EFIFICIO SITO AV. GALICIA 29	XGL 04.09.2017	298,17€
MEIRA RODRIGUEZ CRISTINA	34265544Y	OBRA RECONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR ACEA NOVA	XGL 12.12.2016	1.145,60

Logo de comprobar os informes emitidos pola Oficina Municipal de Rehabilitación que establecen que as anteriores obras están incluídas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

Logo de comprobar o artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais que establece que as ordenanzas

fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Ao amparo do disposto no referido precepto, o artigo 7º e) da Ordenanza Fiscal 1.3 reguladora de imposto sobre construcións, instalacións e obras establece que gozarán dunha bonificación do 30% na cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen . Esta declaración corresponderá ao Pleno do Concello e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo e co voto favorable da maioría simple dos membros do dito Pleno. do dito Pleno.

Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE AS OBRAS referenciadas e **CONCEDERLLES** unha bonificación do 30% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que anima a Amarcán a que fagan unha moción cos seis puntos que antes leron. Nos puntos 4, 5 e 6 da orde do día, a favor, pero lamentar no caso de entidades de interese social que non se teña en conta o acordado sobre modificar a porcentaxe de bonificación do ICIO.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que se refire ao que di a Asociación Amarcán no seu escrito e entende que se debería ter votado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expresa o seu malestar porque un concelleiro si pode pedir explicacións, lamentando que non poida facer uso do dereito a ser informada polo Sr. Secretario. (Discute co Sr. Alcalde sobre a actitude dunha membro de Amarcán que quixo falar co Secretario). Imos aprobar o 30%; se o Alcalde cumprise os acordos plenarios, terían a posibilidade que que fose o 90%. Para que serven os acordos? Para que o Alcalde non lles faga ningún caso. Dito iso, estamos a favor de aprobar isto.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, e D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, non interveñen).



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



5. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL E BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Foi emitido ditame pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“**ANTECEDENTES:** Na data de 24.07.2017 (RE 10435) o Sr. LOPEZ LOPEZ JOSE (33333280R) presenta solicitude do 90% de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, en relación as obras de acondicionamento do local sito na planta baixa do edificio da rúa Ourense 5 destinado a obrador de pastelería e venda polo miúdo de produtos relacionados.

Aos efectos a interesada achega na data de 15.01.2018 (RE 742) a seguinte documentación:

- Alta na seguridade social a nome do Sr. ENCINAS RODRIGUEZ DOMINGO JOSE de data 11.01.2018
- Alta na seguridade social a nome da Sra. BARREIRO DIAZ MARIA JOSE de data 05.12.2017
- Alta na seguridade social a nome da Sra. FERNANDEZ FERNANDEZ IRIA de data 28.09.2017
- Alta na seguridade social a nome da Sra. DURAN DIAZ ISABEL de data 28.09.2017
- Alta na seguridade social a nome do Sr. GWENAEL BRIEUC RINGENWALD de data 28.09.2017

Logo de comprobar que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 21.08.2017 concedeuse licenza de obras de acondicionamento do local sito na planta baixa do edificio da rúa Ourense 5 destinado a obrados de pastelería e venda polo miúdo de produtos relacionados.

Logo de comprobar o informe técnico emitido polo aparelador municipal na data de 9.03.2017, segundo o cal o obra pola que se solicita a bonificación pode considerarse incluída no ámbito do establecido no artigo 7 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: O artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de imposto sobre construcións, instalacións e obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Logo de comprobar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 9 de 71



No apartado d) establécese unha bonificación polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais

Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

D1) 90 % pola creación de 2 o máis novos postos de traballo

D2) 80 % pola creación de 1 novo posto de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no imposto sobre actividades económicas e nun prazo máximo de 6 meses

O recoñecemento de dita bonificación corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE A OBRA referenciada e **CONCEDERLLE** unha bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

(Non houbo intervencións neste asunto).

6. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DE OBRAS DE REFORMA DE EDIFICIO E BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Foi emitido ditame pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:



“Na data de 25.05.2017 (RE 7316) a Sra. MOURE RODRIGUEZ MARIA AMPARO en representación de CONFITERIA Y PANADERIA MOURE, SL (B27485481) presenta solicitude de 80% de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, en relación as obras de reforma do edificio existente na rúa Chantada, 16 – esquina rúa Teceláns destinado a café –bar e panadería pastelería.

Na data de 9.03.2018 (RE 3512) a Sra. MOURE RODRIGUEZ MARIA AMPARO en representación de CONFITERIA Y PANADERIA MOURE, SL (B27485481) presenta nova solicitude de bonificación (90%) no imposto sobre construcións, instalacións e obras, en relación as obras de reforma do edificio existente na rúa Chantada, 16 – esquina rúa Teceláns destinado a café –bar e panadería pastelería.

Aos efectos a interesados achega a seguinte documentación:

- Contrato de traballo indefinido a tempo parcial , a nome da Sra. RODRIGUEZ LOPEZ ANA MARIA. Data contrato dende 09.03.2018.
- Alta na seguridade social a nome da Sra. RODRIGUEZ LOPEZ ANA MARIA, de data 09.03.2018.
- Contrato de traballo, indefinido a tempo parcial bonificado, a nome de RODRIGUEZ RODRIGUEZ ANGEL. Data contrato dende 08.02.2018.
- Alta na seguridade social a nome do Sr. RODRIGUEZ RODRIGUEZ ANGEL, de data 08.03.20187

Logo de comprobar que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 30 de outubro de 2017 concedeuse licenza de obras de reforma do edificio existente na rúa Chantada, 16 – esquina rúa Teceláns destinado a café –bar e panadería pastelería.

Logo de comprobar o informe técnico emitido polo aparelador municipal na data de 9 de marzo de 2018, segundo o cal o obra pola que se solicita a bonificación pode considerarse incluída no ámbito do establecido no artigo 7 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: O artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de imposto sobre construcións, instalacións e obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Logo de comprobar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre

construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado d) establécese unha bonificación polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais

Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

D1) 90 % pola creación de 2 o máis novos postos de traballo

D2) 80 % pola creación de 1 novo posto de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no imposto sobre actividades económicas e nun prazo máximo de 6 meses

O recoñecemento de dita bonificación corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente Logo de comprobar o artigo 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE A OBRA referenciada e **CONCEDERLLE** unha bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

SEGUNDO.- ADVERTIR á interesada da obriga de manter polo menos dous postos de traballo nun prazo igual a dous anos contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.”

(Non houbo intervencións neste asunto).



7. RECURSO CONTRA A DECISIÓN DA XUNTA DE GALICIA DE NON PODER CONTINUAR COA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DA FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, coa corrección de poñer directora en lugar de presidenta da Axencia de Turismo, e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

Visto o informe de Secretaría ao respecto,

(O informe di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES.-

O Concello de Monforte de Lemos presentou, segundo o acordado polo Pleno municipal o 18 de decembro de 2017, a solicitude de declaración pola Xunta de Galicia da Feira Medieval de Monforte de Lemos como Festa de Interese Turístico de Galicia.

O director de Competitividade de Turismo da Axencia de Turismo de Galicia requiriu documentación adicional que foi aportada polo Concello.

O 7 de marzo de 2018 comunicoulle ao Concello que non se cumpre o requisito da antigüidade mínima de vinte anos, “*non podendo continuar coa tramitación do expediente*”.

2.- SOBRE A FORMA DA COMUNICACIÓN RECIBIDA.

O artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas prevé que tamén son recorribles os actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.

Debeuse por iso notificar a comunicación con indicación dos recursos que contra a mesma procedesen.

A falta de dita indicación, entende quen subscribe, á vista de quen asina a comunicación recibida no Concello e dos Estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, que o recurso que procede será o de alzada ante a Directora da Axencia. En calquera caso, dado que un erro ao respecto -ao que se refire o artigo 115.2 da Lei 39/2015, para dicir que non obsta á tramitación do recurso, se se deduce o seu verdadeiro carácter- viría dado pola propia administración autonómica ao non indicar o recurso que segundo ela procede, dita administración deberá corrixilo. O que non é aceptable é a indefensión absoluta de non poder impugnar a decisión recibida polo Concello neste asunto.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



3.- SOBRE O FONDO DA COMUNICACIÓN RECIBIDA.

A decisión de non continuar o procedemento baséase no artigo 3.a) do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festa de interese turístico de Galicia, “*que esixe unha antigüidade mínima de 20 anos, e toda vez que a dispensa que regula o último parágrafo do dito artigo prevese para supostos excepcionais e sempre que así o aconselle unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos no Decreto*”.

En realidade, ese último parágrafo di que “a antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulación así o aconselle, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos”. *Supostos excepcionais e sempre que acentúa o que di o parágrafo pero nel non figura. O acento que si figura de en ningún caso refírese á antigüidade de quince anos e iso cumpre a Feira Medieval de Monforte de Lemos. A solicitude municipal foi feita sabendo que só cabía en base a dito parágrafo. Non se pode motivar que non se acolla a el por excepcional sen máis; aínda sendo excepcional, o que hai que motivar e por que non se fai unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na regulación do Decreto 4/2015, e se se fai, por que resulta negativa para as pretensións do Concello de Monforte de Lemos.*

4.- CONCLUSIÓN.

Cabe, a xuízo de quen subscribe, recorrer a decisión da Xunta de Galicia de non poder continuar coa tramitación do expediente de declaración da Feira Medieval de Monforte de Lemos como Festa de Interese Turístico de Galicia, considerando como recurso máis axeitado o de alzada ante a Presidenta da Axencia de Turismo de Galicia; como fondo do recurso, está que non se fixese a valoración conxunta do parágrafo segundo do artigo 3.a) do Decreto 4/2015; se se fai, mesmo retrotraendo o expediente se fose necesario, a denegación da solicitude municipal debe ser motivada e notificada cos recursos correspondentes para evitar indefensión.

A Corporación municipal decidirá o máis conveniente para os intereses municipais”.)

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Presentar Recurso de Alzada contra a decisión asinada polo director de Competitividade de Turismo de Galicia de non poder continuar coa tramitación do expediente de declaración da Feira Medieval de Monforte de Lemos como Festa de Interese Turístico de Galicia, ante a directora da Axencia de Turismo de Galicia, a efectos de anular dita decisión e para que cunha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos no Decreto 4/2015, do 8 de Xaneiro polo se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, se dispense a antigüidade mínima de vinte anos e se declare como festa de interese turístico de Galicia a Feira Medieval de Monforte de Lemos, que cumpre non ter unha antigüidade menor de quince anos. De non ser así, se motive debidamente a denegación de dita dispensa de antigüidade, con notificación en debida forma da resolución correspondente, a efectos de non causar



indefensión ao Concello de Monforte de Lemos e este poida actuar en defensa dos seus intereses lexítimos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están a favor deste recurso, de acordo co que se nos traslada. Para os requisitos, claro que pode ser o de 15 anos. Xa o miramos para a moción que presentamos. Si que se debe continuar con este recurso.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que respaldarán este recurso, a Feira Medieval é importante e debemos todos traballar por isto. O sábado non vou poder estar por razón familiares na inauguración da deste ano, estarei de corazón.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar esta interposición de recurso. Dende o punto de vista do procedemento, é mellorable o habido neste asunto. Sobre o mínimo dos 20 anos, temos que ver os requisitos no caso de que sexan 15 anos, un deles é a singularidade, non foi acreditado suficientemente. Ademais de apoiar que se recorra, que se empece a traballar para que a festa teña características singulares para diferenciármolos e xustificalo. O que figura na Memoria non foi suficiente, temos que empezar a traballar nese sentido.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o seu voto é favorable, porque a Feira reúne tódolos requisitos, agás o dos 20 anos. Este expediente debe seguir adiante para conseguir o Interese Turístico.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o Decreto da Xunta di 20 anos de antigüidade, pero tamén di de ser dispensada aos 15 anos e non di que isto sexa excepcional. Hai singularidade, a Feira Medieval de Monforte non se parece á de Ribadavia nin a outras. Cumprimos tódolos demais requisitos. Temos antecedente no ano 1104. Recollimos documentación dende 2003. O Concello fixo promoción permanente ao longo dos anos, superamos iso en cinco anos. Valor cultural, tamén. A continuidade no tempo: 15 anos seguidos. Creo que cumprimos con tódolos requisitos menos o dos 20 anos. Hai argumentos suficientes para que se revise esta solicitude.

8. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA HOMENAXEAR Á ATLETA MONFORTINA SALETA FERNÁNDEZ.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. Emilio José Sánchez Iglesias e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O pasado domingo coñecíamos a nova de que a atleta monfortina, Saleta Fernández, se proclamaba campioa de España absoluta en salto de altura.



Saleta participaba no campionato de España en pista cuberta que se celebraba en Valencia. Trátase dun novo éxito para esta monfortina que, malia á súa xuventude, xa leva colleitado unha destacada traxectoria no campo do atletismo como son o Campionato de España Sub-23 en 2017, o XXXIII Campionato de España Sub-23 en Pista Cuberta o pasado 11/02/2018 en Salamanca e o último grande triunfo, que coñecemos o domingo 18/02/2018, LIV Campionato de España Absoluto en Pista Cuberta.

Desde o noso Grupo Municipal, queremos trasladarlle publicamente os nosos máis sinceros parabéns á campioa, e valorar e recoñecer como o seu traballo e esforzo son todo un exemplo e un orgullo para a cidade de Monforte.

Ademais, entendemos que estes acontecementos son moi significativos e desde logo marcan un fito na historia da cidade, por iso cremos que non debemos deixar pasar a oportunidade de que Saleta Fernández reciba todo o cariño e afecto da cidadanía que se sente orgullosa dela.

Neste sentido e entendendo que a solicitude se axusta a dereito, o Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do PP e de Esperta Monforte e) e sete abstencións (Grupos Socialista e do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao equipo de goberno a:

1. Nomear as pistas de atletismo da Pinguela “Saleta Fernández” e instalar unha placa conmemorativa.
2. Organizar unha homenaxe institucional e pública de recoñecemento a Saleta Fernández e ao Club de Atletismo da Gándara, onde sexamos convidados todos os membros da corporación municipal.
3. Facer extensivo este tipo de recoñecementos a calquera outros deportistas individuais ou clubs deportivos monfortinos, que teñan acadado ou acaden no futuro logros deportivos na alta competición nacional ou internacional, de igual relevancia.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que é unha proposta do anterior Pleno. Le a moción. Para que non pase o que ten acontecido outra veces, engade ao final –que é o final do punto 2-.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. Estou dobremente orgullosa, porque é amiga miña. Está a levar polo mundo ao pobo de Monforte. Teño entendido que hai un acto do Alcalde con ela o venres, merece a homenaxe pública. Confírmeme se o día 26 (o 26 é hoxe, di o Alcalde) hai esa homenaxe.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que se suma aos parabéns a Saleta. Campioa moi nova sub-23. De acordo coa homenaxe pública. En Ribeira viámolo o outro día. É a

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 16 de 71



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200029CEF00C9S1U7T4R9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07

DOCUMENTO: 20180171247



primeira noticia que temos da recepción do venres, que nos convida o Alcalde, moitas veces a oposición está allea. Vimos de presentar unha emenda de adición –é o que figura no punto 3 do acordo aprobado- porque cremos que estes recoñecementos deben ser extensivos a outros deportistas que acaden igual relevancia. Non por menoscabar a Saleta, senón para ter en conta aos que estean nese caso. Solicitamos que se acepte a engádega e que o Alcalde aclare o acto do venres.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é un orgullo para os conveciños o logro acadado. Non nos opoñemos a homenaxes como a que se propón, apoiamos o recoñecemento e as homenaxes. Outros tamén teñen conseguido éxitos: voleibol, fútbol sala, Atlanta 96 e outros. De acordo coa engádega presentada como punto 3. Pero no punto 1, o de nomear pistas, temos que saber onde está o límite para facer nomeamentos e onde poñer nomes a outros. Non en contra do recoñecemento, pero todos tratados por igual.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di tódolos monfortinos estamos orgullosos dos logros da nosa deportista. Saleta foi campioa de salto de altura en pista cuberta en Valencia e subcampioa en Salamanca. O Alcalde felicítouna e mirou de facerlle unha recepción. Saleta dixo que tardaría en vir. Temos tido éxitos anteriores sen que se propuxese algo así. Debemos ter en conta á propia Saleta. Que lle dedicamos no futuro se progresa? A homenaxe será igual que as de mandatos anteriores. De 2012 a 2017, houbo campións monfortinos aos que non se lle fixo ningunha homenaxe. Manuel Freire en piragua de augas bravas –varios campionatos-, tamén niso Marcos González Díaz e Andrés Saco, Junior Martínez Castillo en taekwondo. Hai que mencionar a Noelia Sánchez en voleibol. Dende que se presentou a moción, Alejandro Fernández Franjo en taekwondo, que lle dedicamos? Debemos abstermos ata coñecer a opinión de Saleta.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que presentan esta moción para destacar Salamanca e Valencia, o 18 de febreiro campioa absoluta en pista cuberta. De acordo con que hai máis monfortinos, digo monfortinos, pero esta moción é porque é monfortina muller e porque se iniciou nas nosas pistas. Non temos problemas en homenaxear a outros. Pero temos que facernos eco dos éxitos das mulleres, salientalo tralo 8 de marzo. Dille a D. Emilio José Sánchez que lle diga se hai outras campioas individuais, o voleibol foi como equipo. A nivel individual, non hai outra muller que poidamos destacar. Comentei esta moción con Saleta, sei que opina de xeito positivo; se depende diso, marchó contenta. Sobre o acto, poderemos ver aínda que non nos convida. Debería ser máis que unha recepción.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que espera non ter entendido mal a Saleta sobre esa recepción do venres. Gustaríame que o Alcalde o confirmase. A importancia de Saleta Fernández é claramente destacada sobre outros deportistas. Sobre a repercusión dos deportistas de Monforte, non patrocina o Concello máis ao fútbol -e deportes máis populares- que ao voleibol? Teño grandes amigos no piragüismo, non me quita iso de ver a diferente repercusión social.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que presentan unha emenda sen nomes. En Ribeira vin unha cidade envorcada, non isto dunha recepción non aclarada. Queremos facer recoñecemento a todos. O esforzo non ten xénero. Hai que recoñecelo, non quitar mérito por ser home ou muller. Nós en maio de 2017 propuxemos unha ordenanza de honores e distincións; de ter esa ordenanza, non estaríamos



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



nesta diatriba. Reiterar o recoñecemento e o mérito, cando dixen sub-23 foi por no ler todo, pero efectivamente tamén obtivo o campionato absoluto. Mágoa dunha mera recepción.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que non se está negando este recoñecemento. Recoñezo tódolos méritos de ser campioa de España. Posiblemente agora non haxa ningunha outra individual feminina, pero tamén no deporte colectivo cada un sabe o seu esforzo. O mérito desta rapaza é enorme. Outros deportistas tamén poderán ser merecedores de que se poña o seu nome. Dille a Dna. Maribel García que non se trata de ser amigos. Monforte foi coñecido no seu día polo club da Pinguela. Estamos de acordo coa emenda, o único que non vemos ben é o das pistas que é un espazo público.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que no pasado –el non estaba aquí– sabe ela como se facían as cousas. Non todo é conducible a unha cuestión de xénero. Non me gusta que para todo bandeiras, está fóra de lugar. O esforzo é impresionante, o recoñecemento vaino ter, deixen se saímos ou non na foto.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non debemos valorar igual a tódolos deportistas. Neste caso, é a sucesora de Ruth Beitia, campioa olímpica. Non foi só o motivo de xénero, pero é un motivo máis. Dille a D. Emilio José Sánchez que en piragüismo tiñan que pedir esmola, o 2 de novembro de 2016 trouxemos unha moción para axudas aos deportistas de elite, agradecemos que se tivese en conta nos orzamentos. Non vemos problema en que as pistas, non o complexo, leven o nome de Saleta Fernández, igual que o Conservatorio o de Mestre Ibáñez. Agradecer o apoio, non hai problema en aceptar a emenda.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO ACORDO ENTRE A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) E O MINISTERIO DE FACENDA PARA QUE OS CONCELLOS POIDAN INVESTIR O SEU SUPERÁVIT.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, D. Manuel Jesús López Sánchez e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e coa retirada dun punto do acordo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento para as corporacións locais: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 establece que “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”, mentres que no artigo 32, destino do superávit orzamentario, sinala que “este



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda”

A Lei 9/2013 de débeda comercial modificou a Lei 2/2012 para permitir que os concellos puidesen, cunha serie de requisitos, destinar o seu superávit a investimentos financeiramente sostibles, definición recollida no Decreto-Lei 2/2004, de 21 de febreiro na súa Disposición Adicional 16. Esta modificación non satisfizo ás demandas municipais, posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas son:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesoureira.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobranse a amortizar débeda.

Estes condicionantes deron como resultado que os concellos fosen a única administración con superávit, a única administración saneada e cumpridora cos seus obxectivos, pero tamén a única que, paradoxicamente, non pode investir o seu aforro. Así, a débeda municipal no seu conxunto acadou xa o obxectivo do 3%, fixado para 2020, e o superávit total das Entidades Locais de España é de medio punto do PIB.

Polo tanto, a bonanza dos concellos por unha banda é a subida de impostos ás empresas, por outra, permitiron ao goberno cumprir por primeira vez nunha década o obxectivo do déficit, reducindo do -5,1% ata o -4,33%; sendo o superávit dos concellos a nivel nacional do 0,64%, acadando os 7.083 millóns de euros.

A aplicación desta regra aos concellos supuxo, na práctica, que se castigase ás administracións máis próximas á cidadanía, fundamentalmente, nos momentos de maior crise e cando os nosos veciños e veciñas máis necesitaban destas administracións:

- Para resistir en condicións dignas unha dura situación económica e social, que se tornou aínda máis grave debido ao total desamparo da Administración Central do Estado e, en moitos casos, como o galego, tamén ao desamparo da administración autonómica.
- Limitando a autonomía das Entidades Locais para decidir por si mesmas a que necesitan destinar os seus recursos.

Ante todo isto, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do 30 de novembro de 2016, aprobou solicitar ao Goberno de España que atendese as demandas dos concellos e que lles permitise empregar o seu superávit na mellora das condicións de vida dos seus veciños e veciñas, que para ese ano foi aproximadamente de 4.500 millóns de euros.

No mes de maio de 2017 a FEMP volveu tratar este importantísimo tema para as entidades locais, acordando solicitar ese permiso non só para o exercicio 2017, que se atopaba xa moi avanzado e impediría, pola súa propia tramitación, facer con tempo determinados investimentos, senón tamén estendelo ata o ano 2018.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Debido ao silencio do Goberno de España ante esa petición das entidades locais, a FEMP reiterou en varias ocasións o cumprimento dos acordos unanimemente adoptados.

Finalmente, o 26 de febreiro de 2018 celebrouse na sede da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) un cumio de alcaldes e alcaldesas ao que asistiron máis de 300 edís e cargos locais, e no que o presidente da FEMP, Abel Caballero e o Ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, acadaron un acordo para que, por fin, os concellos podan empregar o seu superávit, ampliando as opcións de gasto e, así, poder destinalo a investimentos financeiramente sostibles (IFS), que xa estaban contemplados, pero tamén a infraestruturas educativas, sociais, culturais, deportivas, e de seguridade e protección civil (incluídos vehículos).

Pese a todo o sinalado, incapaz de recoñecer este éxito do municipalismo, o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, reacciona atacando unha vez máis aos concellos, mentindo e tentando desprestixiar o labor dos milleiros de homes e mulleres encargados de xestionar os nosos municipios, ao afirmar que “probablemente, algunos municipios, por falta de eficacia en la gestión, no fueron capaces de ejecutar el presupuesto y ahora tienen superávit” ou “si lo que se plantea es un segundo plan E ante las municipales, es un error en el que no deben caer ni los alcaldes ni la Administración central [...] No estamos en situación de gastar lo que no tenemos. Hay mucha deuda pública y muchas necesidades de los ayuntamientos gallegos”.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o Pleno da Corporación Municipal de Monforte de Lemos, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

1. Recoñecer o papel decisivo da FEMP para acadar o acordo co Ministerio de Facenda que permite o uso efectivo do superávit municipal e que reforza a autonomía local e o papel político e económico dos concellos.
2. Solicitar do Goberno de España que se respecten os prazos demandados pola FEMP para o desenvolvemento regulamentario do sinalado acordo, permitindo así o cumprimento da totalidade dos aspectos contemplados no mesmo.
3. Empregar estes fondos, despois do desenvolvemento regulamentario, facendo pleno uso da autonomía local, é dicir, á marxe de tutelas, mentres se cumpra a regra de gasto.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción. O Consello de Ministros do pasado venres aprobou o Real Decreto-lei 1/2018, que saíu no BOE do sábado; é unha mellora, pero é insuficiente, mantemos a moción.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que xa saben o que é ter Remanente de Tesourería e non poder utilizalo. En 2015 era de preto de cinco millóns de euros, agora anda nos sete millóns. Estamos a favor dos tres primeiros puntos, pero parécenos excesivo o punto 4 de reprobación ao Presidente da Xunta, teño escoitado cousas de Feijoo que me teñen doído máis, retíreno ou deixen votar por puntos. Votaremos a favor dos tres primeiros puntos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que adianta o seu voto a favor. Le o punto 3. Dou por sentado que está a falar das tutelas do Ministerio de Facenda. Temos superávit, gustaríame que sen esa tutela non se prescindira da do Pleno do Concello. Que se formule neste Pleno para que e en que se gasta o superávit, non desbota a opinión dos propios cidadáns. O Sr. Feijoo tiña que ser reprobado polo desprezo sanitario a Monforte. Iso é máis importante que isto, pero como teño ganas de reprobalo, votarei a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que lle parece lamentable o que acaba de escoitar. Deberían retirar esta moción, o acordo xa existe no Decreto-lei aprobado. É unha iniciativa de escasa utilidade. Isto é consecuencia da irresponsabilidade de impedir aprobar o orzamento do Estado. O Decreto-lei permite levalo a 2019 e aumenta os grupos de programa de investimento. Le o punto 3. Os Concellos o que queiran e como queiran? Un Plan E? O Tribunal de Contas dixo sobre o Plan E que só un 15% serviu para crear emprego, tamén en Monforte houbo irregularidades. Entre os anos 2011 e 2015, parecía que tódolos males para o Concello, non dicían que era un mecanismo para sanear e iso levounos aquí. Se se amplían os programas de gasto é porque só se fixo o 26% dos investimentos posibles. Deixamos aberto isto? Eu creo que non. Este Concello pasouse no ano anterior na regra de gasto, pero non foi capaz de investir no saneamento, o gasto non se fixo de forma axeitada. Como teño ganas de Dna. Maribel López, eu tamén teño moitas ganas de reprobación, como o que se dixo sobre o Hospital. É unha falta de rigor absoluta. Enumera cousas nas que se permite investir. Temos sete millóns de Remanente de Tesourería, haberá que empregalos con determinadas pautas e sentidiño. Anunciamos o noso voto en contra, non só pola reprobación do punto 4, senón polo punto 3 e porque xa hai o Decreto-lei.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o BNG ten reclamado que os Concellos capaces de aforro, teñan un recoñecemento. A proposta que se nos fai, máis alá da reprobación, é para que se cumpra iso. Quen mellor que o Concello para saber en que gastar? Cada Concello, a súa autonomía.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que non retiran a moción porque o Decreto-lei, segundo o presidente da FEMP, non recolle o que se acordou. Nós non somos do 26% do Tribunal de Contas. Non entraría no de reprobación, vostedes xa me reprobaron. Como anécdota, no Eixo Atlántico coincidín co Alcalde de Ourense Jesús Vázquez, que di que ten o récord, porque xa foi reprobado en febreiro de 2016. Non teño inconveniente en retirar o punto 4. A idea é que se nos permita gastar segundo acordo coa FEMP. Fala, Dna. Julia, de irresponsabilidade por non aprobar o orzamento do Estado, e vostede que fixo neste Concello? Varían as cousas segundo onde se estea. Non queremos reprobación a ninguén, retiramos o punto 4 para facilitar o apoio. (O punto 4 dicía o seguinte: “Reprobar ao presidente da Xunta de Galicia polas manifestacións feitas en relación a este acordo, pois supoñen un novo ataque á autonomía local e un intento máis de desprestixio da política local.”)



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De Dna. Pilar López Martínez, que agradece o xesto da retirada do punto 4. Igual que dixo a portavoz de Esperta Monforte, cando vaia empregar o superávit, teña en conta as suxestións do resto de grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que tiña ganas de dicilo polo tema sanitario, aínda que está ben retirado o punto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a ela tampouco lle gustan as reprobacións. Aquí foi polo obstinación en incumplir acordos plenarios e polo desprezo ao resto da Corporación. Aquí había elementos suficientes para a mostra de desconformidade desta Corporación. O Goberno do Estado estivo buscando consensos; vostede, Alcalde, nada con nós. Consenso ningún, tiña as súas estratexias para o orzamento sen contar coa oposición. Se tanto interese tiña en ter o orzamento en prazo, debería ter buscado consenso. Imos votar en contra. Lamentamos que non se entendan as importantes medidas habidas para sanear os Concellos e o bo deste Decreto-lei.

Do Sr. Alcalde, que lle di á anterior interveniente sobre os motivos da reprobación, que os mesmos que había en Ourense. Mire nos oito mil e pico concellos as iniciativas que non obrigan, igual que a Rajoy no Congreso por afectar ao orzamento. O tema é que ou apoiamos unha iniciativa boa para os Concellos ou lle damos o parabén a Montoro.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A AMPLIACIÓN DA ZONA ARI AO BARRIO DA ESTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS PARA A SÚA DINAMIZACIÓN.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández, D. Francisco José Cela Rodríguez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte en votación separada para cada un dos puntos do acordo proposto:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º.- É sabido que no documento do PEPCHA aprobado provisionalmente, se da conta de que dos 1029 edificios que compoñen o casarío obxeto do plan, o 8’75% está en mal estado e o 32’4% regular, tamén que o 42’37% das vivendas están baleiras e o 52’27 % si consideramos as construídas antes de 1960.

Si consideramos o resto da cidade, mais aló do que comprende o PEPCHA, as cousas non melloran pois atopamos un gran número de edificios deshabitados, en mal estado e mesmo en estado ruinoso.

A situación agrávase de maneira alarmante no barrio da Estación. Nos últimos anos varias casas teñen alcanzado o estado de colapso das súas estruturas, sufrindo derrubamentos espontáneos ou declaracións de ruina, que teñen dado lugar a demolicións por parte dos seus propietarios.



Os mais recentes derrubamentos, teñense producido o pasado día 31 na rúa Calvo Sotelo. Resulta alarmante o número de terreos con peches que se aprecian na rúa Concepción Arenal, fruto da demolición de vivendas.

2º.- É evidente que o barrio da Estación precisa de axudas para a rehabilitación ou derribo das vivendas que se atopan en mal estado.

É sabido que durante anos non se pediu a ampliación da zona ARI, e non se agotaban os fondos dispoñibles para as rehabilitacións, perdendo a oportunidade de recuperar vivendas que co tempo se teñen perdido.

Este grupo trouxo unha iniciativa a este pleno, para solicitar a ampliación da zona ARI, ampliándose como consecuencia, do recinto amurallado a todo o casco histórico, no ano 2015.

Compre agora solicitar unha nova ampliación ou a declaración dunha nova zona ARI, que comprenda as vivendas do barrio da Estación, vivendas asociadas ao desenvolvemento ferroviario, que contan con una particular tipoloxía, que se estende non so polas ruas mais próximas á estación do tren, senón tamén por outras como a rúa do Morín.

3º/ Por outra parte, o barrio da Estación precisa ser dinamizado, con elementos que sirvan como estímulo para reactivar un barrio que perdeu nos último anos o pulo económico que tivera noutrora.

O inmovible que ven de derrubarse, coñecido como Casa do Penedo, deixa agora un terreo de grandes dimensións, que ofrece moitas posibilidades, non só para a dotación dunha zona verde da que carece o barrio, senón tamén para establecer nel, servizos municipais que sirvan de estímulo económico do barrio.

Compre a tal fin, manter negociacións coa propiedade do terreo, a fin de contemplar a posibilidade da súa adquisición por parte do Concello, cos fins expostos.

O Pleno, por once votos a favor (Grupos do PP e Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBIERNO:

1.- A QUE PRESENTE A SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN E PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBÁN, INCLUÍNDO A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE NOVAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN, CONSIDERANDO AS RUAS DO BARRIO DA ESTACIÓN QUE SE ESTIMEN OPORTUNAS, ENTRE ELAS, A RUA DO MORÍN, E MESMO NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS QUE POIDAN RESULTAR DE INTERESE.”

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 23 de 71



O Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), acorda:

Non aprobar o seguinte punto do proposto na moción do Grupo do PP sobre medidas no barrio da Estación:

INSTAR AO EQUIPO DE GOBIERNO:

2.- A MANTER NEGOCIACIÓN COA PROPIEDAD DO TERREO NO QUE SE UBICABA A “CASA DO PENEDO” DERRUBADA, A FIN DE CONTEMPLAR A POSIBILIDADE DA SÚA ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO, COA FINALIDADE DE ESTABLECER SERVIZOS MUNICIPAIS E UNHA ZONA VERDE QUE PERMITAN DINAMIZAR E REVITALIZAR O BARRIO DA ESTACIÓN.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que para o Goberno ten consecuencia o que aproba o Congreso, e o mesmo no Parlamento de Galicia. Traemos unha proposta para levar o ARI á zona da Estación. Trouxemos unha iniciativa en 2015, sobre o ARI nesa altura, para que o recinto amurallado formase parte do conxunto histórico, e así se fixo. Hai moitas vivendas en mal estado. Le os puntos do acordo, con algunha explicación adicional.

De Dna. M^a José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que xa tivemos hai pouco outro debate sobre derrubamentos. Non vou utilizar o termo decadente, no anterior debate fun criticada por iso. Pero si dicir que hai síntomas alarmantes: poboación envellecida, diminución da poboación, as vivendas máis antigas e baleiras teñen unha maior deterioración, aínda que teñen un valor inmaterial. Moitas vivendas foron derrubadas e non teñen volta atrás. Se podemos salvar moitas das que quedan, apoiaremos o interese social deses edificios. A diferenza coa moción está na solución dese problema, a solución está no PXOU. Ou facemos todo o Concello zona ARI –fíxoo Sober, non sei como- ou non sei que imos facer. As axudas da zona ARI son relativamente pequenas para que os propietarios se animen a acollerse a elas. No punto 1º non estamos de acordo, a solución está máis por un catálogo de edificios singulares, con axudas no marco do PXOU. No punto 2º non vou entrar sobre necesidades de zona verde ou de usos dotacionais, pero se o Concello precisase algo para uso dotacional –tamén no PXOU debería estar-, non hai que facelo así, senón de forma máis transparente. O Concello non pode comprar á carta. Non podemos estar de acordo coas formas do punto 2.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o barrio da Estación non é o único por desgraza mal. De presións mal canalizadas, estamos sufrindo non ter Plan Xeral. Tódolos lugares de Monforte teñen edificios a considerar singularmente e tódolos veciños teñen dereitos similares. Quedo á espera dalgunha aclaración máis. Temos o exemplo no da zona de baño público, non temos ningunha. Conte con nós, Alcalde, para gastar o superávit.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que as anteriores intervinientes deixáronlle pouca marxe. Podemos entender a extensión do ARI, pero están outras zonas, aínda que esta cunha sensibilidade especial. Botamos en falta o PXOU para o punto 1. No punto 2, como sabemos onde colocar zonas verdes ou dotacionais? Coincidimos coa idea de revitalizar o barrio da Estación, pero debería reflectirse no Plan Xeral de Ordenación.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que lle parece ben o punto 1. Ímolo solicitar, pero depende do goberno galego. Dende 2015 non se devolveu ningún diñeiro do que di a exposición de motivos. Ao punto 2, non en absoluto. De acordo co dito pola non adscrita. Como se salta do xeral –punto 1- a unha proposta concreta –punto 2-, cal é o criterio? Non hai partida no orzamento, salvo que lle diga á Xunta que o compre e logo nolo ceda. A proposta por iso é un pouco peregrina; todos, igual que a Casa do Penedo, teñen o mesmo dereito de adquisición polo Concello. Non se deben mesturar desexos persoais coas necesidades dun barrio. Habería que ver tamén a onde chega o barrio da Estación. Se se vota por puntos, si ao 1º e non ao 2º; se non, a todo non.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á interviniente non adscrita que lamenta a idea de que as axudas do ARI non son estímulo, iso levou a devolver inxentes cantidades en 2011 e 2012. Di que a Casa do Penedo non se pode comprar á carta, e o Hotel Comercio? e o aparcamento da rúa Cerca? iso non foi comprar á carta? Un barrio tan característico non o hai. O do Hospital é máis recente. A Estación é merecedora disto. Por suposto que o ten que aprobar a Xunta e estaremos niso. Sobre a Casa do Penedo, nós traemos unha proposta, igual hai outra idea mellor, pero non traen ningunha. Trouxeron o do Hotel Victoria tamén concretado. Igual nós agora. Non teño interese nos propietarios, pero si en dinamizar o barrio da Estación. Lamentamos que o resto da Corporación non vexa esta necesidade.

De Dna. M^a José Vega Buján, que di que o Hotel Comercio comprouno a Xunta de Galicia e os aparcamentos son onde procede habelos. Na rúa Coruña é onde máis se teñen conservado edificios. As axudas do ARI son pequeniñas para investimentos importantes. O edificio da Casa do Penedo que caeu non era solucionable con fondos do ARI. Cando se devolvían as axudas, era porque a xente non podía cumprir os prazos. Eu non vou enfrontar aos barrios de Monforte. Inclúe núcleos rurais, por que non todo o Concello? O ARI podería ser do barrio da Estación en parte e tamén doutros lugares. Pero os núcleos rurais? Poderíamos cambiar os límites do casco histórico, pero así sen delimitar? Ou se redacta mellor o 1º punto, e o punto 2º así non. No 1º podemos absternos, se non pon algo mellor.

(Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias anuncian sucesivamente a súa abstención).

De D. Iban Torres Rodríguez, que pregunta se a votación vai ser por puntos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a Dna. M^a José Vega que cando chegou a esta Corporación, había orzamento pero non vontade de xestionar o ARI. O Hotel Comercio comprouno a Xunta cando xestionaba iso o BNG e vostedes propiciárono. Están entrando vostede na guerra de barrios. O barrio da Estación ten unha problemática e outros, outra. Non estamos aquí para propostas máis alá de que haxa Plan Xeral? Pódenme dicir cousas pero non que o barrio non necesita dinamización. Cargáronse vostedes un proxecto de Residencia ambicioso, pero como viña do PP, fóra,



para facilitar a Residencia do Morín. Lamento a abstención, porque o PXOU non o hai, pero iso non debe impedir iniciativas sobre veciños e barrios. Imos favorecer a votación por puntos e lamentar que o punto 2 non se aprobe ou outra iniciativa ao respecto.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ACTUACIÓNS NECESARIAS NAS RÚAS VICENTE RISCO, RAIMUNDO PATIÑO E LUIS SEOANE.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- As rúas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane, ubicanse nun entorno paralelo á rúa Chantada, e dan servizo a múltiples vivendas e veciños que alí residen.

As rúas sinaladas se atopan nun estado de abandono que non se corresponde coa súa situación no entorno urbán, nin reunen as mínimas condicións necesarias para dar servizo axeitadamente as vivendas existentes nelas.

-Particularmente a rúa Vicente Risco, presenta as suas cunetas completamente colmadas, por falta de limpeza, de maneira que cando chove, a auga que se acumula nelas cruza a calzada, e mesmo algún dos veciños tivo que facer un pequeno desague, para evitar a inundación da súa vivenda. Para empeorar as cousas, mesmo se ten levado a cabo unha actuación, recentemente, para mellorar o acceso a unha vivenda, coa que se ten tapado as cunetas existentes, agravando así o problema da auga. Adxúntase fotos, nas que se aprecia o estado das cunetas e mesmo a auga cubrindo a totalidade da rúa.

Ademais, na marxe dereita da rúa se ubica unha finca con un peche de pedra, que se está esborallando, taponando así as cunetas. A mesma finca, presenta abundante maleza no seu peche, que fixo que hai algún tempo ardera, poidendo apreciarse as travesas de madeira queimadas.

Para empeorar as cousas, a finca está pechada na confluencia coa rúa, con un alambre de espiño, completamente oxidado, co risco que esto representa para os veciños que alí residen, nenos, persoas maiores que poidan caer sobre o peche e mesmo animais. As fotos dan boa conta desta situación.

-A rúa Raimundo Patiño, nunha parte está de terra, con socavóns moi pronunciados.

-A rúa Luis Seoane presenta un firme moi deficiente con abundantes socavóns.

Ademais do exposto, todas as rúas pesares de ser estreitas, son de dobre sentido, o que dificulta o tránsito de dous vehículos que se crucen, especialmente na rúa Vicente Risco, na que o mal estado das cunetas, colmatadas, con pedras e auga, impide aproximarse e por tanto que poidan cruzarse dous vehículos. A saída destas rúas á rúa Chantada tampouco conta con condicións axeitadas, no que atinxe á seguridade vial.

-Compre levar a cabo actuacións de mellora nas rúas sinaladas:



*requerindo aos propietarios da finca cuio peche se está esborrallando sobre a cuneta na rúa Vicente Risco, para que eliminen o peche de espiño, as travesas queimadas que están inestabeis e as pedras que se esborrallan sobre a cuneta, asegurando o peche.

* limpando as cunetas destas ruas, de maneira especial, as da rúa Vicente Risco, desatascando aqueles puntos que fan que se acumule a auga e que cubra toda a calzada

* mellorando o firme das ruas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane.

* regulando o tráfico de maneira que estas rúas pola súa estreitez, sexan de sentido único, de maneira que se entre dende a rúa Chantada por unhas e se saia por outras, para evitar o cruce de vehículos, sin que exista anchura suficiente para o seu tránsito.

Polo exposto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1º.- A levar a cabo as actuacións sinaladas nas rúas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane, consistentes en:

- requirir aos propietarios da finca cuio peche se está esborrallando sobre a cuneta na rúa Vicente Risco, para que eliminen o peche de espiño, as travesas queimadas que están inestabeis e as pedras que se esborrallan sobre a cuneta, asegurando o peche.
- limpar as cunetas destas ruas, de maneira especial, as da rúa Vicente Risco, desatascando aqueles puntos que fan que se acumule a auga e que cubra toda a calzada.
- mellorando o firme das ruas Vicente Risco, Raimundo Patiño e Luis Seoane.
- regulando o tráfico, previo o estudo correspondente, de maneira que estas rúas pola súa estreitez, sexan de sentido único, de maneira que se entre dende a rúa Chantada por unhas e se saia por outras, para evitar o cruce de vehículos, sin que exista anchura suficiente para o seu tránsito.”

2º.- Levar a cabo actuacións de mellora de firme e cunetas na rúa Antolín López Peláez.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di a Dna. M^a José Vega que os núcleos tradicionais na moción anterior é para considerar elementos a manter nas nosas parroquias; non todo, senón puntos específicos. Explica esta moción. Di que ten fotografías demostrativas do mal estado. Le o que se propón acordar.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están de acordo coas actuacións que se demandan. O voto é a favor. Estamos para apoiar iniciativas que melloren a calidade de vida dos veciños. Asfaltar está ben, pero hai que mirar a forma como se fai, hai que renovar redes, por exemplo, ou humanizar as nosas rúas.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que anuncia directamente o voto a favor. As rúas están efectivamente en mal estado.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que unha iniciativa que é mellora para a veciñanza, hai que apoiala. Os veciños están de acordo coa regulación do tráfico. O peche é antigo, son rúas de antigos camiños. Fai unha emenda *in voce*: incluír a rúa Antolín López Peláez; son setenta e pico metros, debe ser tamén asfaltada, para ter certa liberdade de saída dalí.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é unha moción marcadamente populista do Partido Popular. Escoitouno na radio e foi logo alí para quedar ben. Levamos arranxado 40 rúas e 50 pistas -ao fin do mandato serán 80 e 100 respectivamente-. Temos o compromiso de mellorar o urbano e o rural. É unha zona rústica, Vicente Risco está en bo estado, Raimundo Patiño e Luis Seoane están en terra pero xa están na carteira deste equipo de goberno. Como unha xa non o necesita e as outras dúas está en marcha o arranxo, abstención. Facemos o que antes esqueceron.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a nosa obriga como oposición é escoitar aos veciños igual que vostedes. Parécelle populismo, forma parte da nosa tarefa. Estamos falando de rúas, non sei que camiños rurais din. Cre que Vicente Risco está en óptimas condicións? Ensina fotos do mal estado no que se atopa. Non temos inconveniente en incluír o tramo de terra da rúa Antolín López Peláez. A rúa Vicente Risco tamén precisa actuación. Non é o mesmo asfaltar que arranxar. Agradecemos o apoio do resto dos Grupos e lamentamos a abstención do Grupo Socialista.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que vimos de escoitar vida e milagres deste equipo de goberno, igual que na época medieval eran da Virxe. Debe molestarlles que a oposición traía ideas propias e resulta que aproveitan as nosas ideas como propias. E o de botar en cara que o anterior non o fixo, para iso está agora vostede. Hanlle quedar cousas tamén a vostede. Parabéns pola moción. A favor.

(Dna. Maribel García Díaz non intervén e D. Emilio José Sánchez Iglesias reitera a súa postura).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que de ladaíña sabe moito ela. Eu nunca a insultei. (Di Dna. Alicia Cadarso que a ela si, discute co Sr. Alcalde). Facemos o que estimamos oportuno. Vai ter que escoitar máis cantigas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o triste non é que lle pareza populista, o triste non é que se apropie do dos demais, o triste é que fíxese alusión á radio onde unha veciña interveu por non ser atendida. Ten frases que si teñen ofendido. E iso do Alcalde de que xa temos idade? Compórtase vostede como o Alcalde. A min nunca me dixeran o de ás portavoces correlas a gorrazos.

(Vótase a moción coa engádegas que figura como punto 2º do acordo).

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 28 de 71



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200029CECF00C9S1U7T4R9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07

DOCUMENTO: 20180171247



(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

La Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, que entró en vigor el 1 de julio de 2015, introdujo en nuestra legislación la prisión permanente revisable.

Se trata de un instrumento que existe en muchos países de nuestro entorno, en gobiernos de todo tipo de corte político; es una institución coherente, que se incorpora bien a nuestro modelo de garantías y tiene perfecto encaje penal.

La prisión permanente revisable, lo señala claramente la Exposición de Motivos de esta Ley, no renuncia a la reinserción del penado, pues una vez cumplida una parte mínima de la condena, "un Tribunal deberá valorar nuevamente las circunstancias del penado y del delito cometido y podrá revisar su situación personal".

La previsión de esta revisión judicial periódica de la situación personal del penado, idónea para poder verificar en cada caso el necesario pronóstico favorable de reinserción social, dice la Exposición de Motivos, "aleja toda duda de inhumanidad de esta pena, al garantizar un horizonte de libertad para el condenado". Una vez cumplido el tiempo mínimo de la pena, "si el Tribunal considera que no concurren los requisitos necesarios para que el penado pueda recuperar la libertad, se fijará un plazo para llevar a cabo una nueva revisión de su situación; y si, por el contrario, el Tribunal valora que cumple los requisitos necesarios para quedar en libertad, se establecerá un plazo de libertad condicional en el que se impondrán condiciones y medidas de control orientadas tanto a garantizar la seguridad de la sociedad, como a asistir al penado en esta fase final de su reinserción social".

Añade la Exposición de Motivos que "la pena de prisión permanente revisable no constituye, por ello, una suerte de «pena definitiva» en la que el Estado se desentiende del penado. Al contrario, se trata de una institución que compatibiliza la existencia de una respuesta penal ajustada a la gravedad de la culpabilidad, con la finalidad de reeducación a la que debe ser orientada la ejecución de las penas de prisión".

Igualmente señala que "se trata, en realidad, de un modelo extendido en el Derecho comparado europeo que el Tribunal Europeo de Derechos Humanos ha considerado ajustado a la Convención Europea de Derechos Humanos, pues ha declarado que cuando la ley nacional ofrece la posibilidad de revisión de la condena de duración indeterminada con vistas a su conmutación, remisión, terminación o libertad condicional del penado, esto es suficiente para dar satisfacción al artículo 3 del Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemania; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 29 de 71



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200029CEFF00C9S1U7T4R9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07

DOCUMENTO: 20180171247



Pese a todo ello, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidad, recurso que el Tribunal Constitucional admitió a trámite en julio de 2015. La admisión a trámite no supone pronunciamiento alguno sobre el fondo del asunto, si bien algunos pretenden la derogación de esta medida sin esperar el pronunciamiento del Tribunal Constitucional.

Así, el 4 de octubre de 2016 el Pleno del Congreso de los Diputados debatió y aprobó por mayoría de los Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto y la abstención de Ciudadanos, y solo con el voto en contra del Grupo Parlamentario Popular, la Proposición no de Ley para la Derogación de la Pena de Prisión Permanente Revisable.

Y más recientemente, el pasado 10 de noviembre, ha sido admitida a trámite una Proposición de Ley de Modificación de la L.O. 10/1995 del Código Penal (Orgánica), que pretende derogar la prisión permanente revisable y que contó con el único voto en contra del Grupo Popular.

Tras estos hechos y actuaciones, son multitud los ciudadanos que han manifestado su apoyo a la pena de prisión permanente revisable como medio para garantizar la seguridad, los derechos y libertades de todos los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta la siguiente MOCIÓN:

El Ayuntamiento de Monforte manifiesta:

PRIMERO.- Su apoyo a la figura de la prisión permanente revisable incorporada al ordenamiento jurídico español por la Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal.

SEGUNDO.- Instar a los diferentes Grupos Parlamentarios con representación en el Congreso de los Diputados a que reconsideren su postura sobre la derogación de la prisión permanente revisable.

TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos al Ministro de Justicia, a los Grupos Políticos del Congreso, Senado y del Parlamento de Galicia y a la Junta de Gobierno de la FEMP.”

Tralas intervencions regulamentarias, o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor (Grupo do PP) e doce votos en contra (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción presentada polo Grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencions:



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que solicita o apoio a isto fronte á proposta de derogación no Congreso. É unha pena extraordinaria. Explica casos. Non é a cadea perpetua, son compatibles a contundencia e a reinserción. É un clamor social. Escoliten a opinión da xente, miren casos recentes. Pedimos que apoiem esta iniciativa, o 90% da poboación apóiao.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que estamos a falar eufemisticamente da cadea perpetua. Entrou en vigor en 2015 xunto coa lei mordaza. Está prevista para casos moi graves, aproveitando a repulsa por casos recentes, pero non debemos enganar á cidadanía, como din moitos catedráticos de Dereito Penal: o Código Penal xa permitía 40 anos, endurecendo a revisión da pena –innecesaria por iso a reforma de 2015-; países con cadea perpetua non son tan duros na duración das penas; non é constitucional, é unha pena inhumana e degradante; non permite a reinserción. Agora preténdese estender a pena sen un estudo criminolóxico previo, unha resposta mediática a problemas mediáticos. Imos votar en contra: 1º, non aporta á hora de evitar delitos e compromete os valores democráticos; 2º, non disuade máis que o que xa existía dende 2003; 3º, hai numerosos reparos dende a xustiza democrática, afecta aos artigos 15, 25 ou 9 da Constitución.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que todos estes casos que tanto levamos escoitado, danlle tanta repulsa, vergonza ou pena como a calquera. Entendo á familia directa, pediría a pena de morte, mesmo os mataría eu. Ningún aprecio ou consideración a esas persoas. Dito iso, asistín a unha conferencia no Colexio de Avogados da xuíza San José, non lle gusta a Julia Rodríguez o que alí dixo a Sra. San José. Esta xuíza soubo explicar a onde nos ía levar o cambio no Código Penal. Daquela xa sucedera algún caso, o de Marta del Castillo, por exemplo, dixo a xuíza que ese caso mostrou o cambio de actitude. O uso dos pais polo PP avergónzame, iso si é populismo. Teño que alegrarme de que unha nai desenmascarounos, é admirable que cos seus fillos mortos teña esa clarividencia e levante a voz. Voulle votar en contra polo que xa dixo Dna. Pilar López. Os expertos din que xa tiñamos un Código Penal máis punitivo que o resto de Europa. Estes actos seguirán aínda con isto. Esperaba que o retirase, son moitas mocións. O do pequeno Gabriel ten un uso lamentable periodístico –en programas non periodísticos, iso si-. Entendo a eses pais, pero os que non estamos nesa situación, temos que escoitar que xa era suficiente punitivo o Código Penal. En contra da moción.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que isto é máis vinganza que xustiza. Non respecta os dereitos humanos, non hai reinserción. A Constitución prohibe as penas degradantes. O Estado español ten máis reclusos que a media europea e menos criminalidade, e ten máis tempo medio de condena. Xa 40 anos íntegros era como pena perpetua, non o vemos en Europa, hai que ir ao Sudán. Non se xustifica dende unha posición de Estado constitucional e de dereito. A pena permanente revisable conta coa oposición de expertos e de avogados. Non nos protexe máis, non nos fai máis libres. Non é que o endurecemento diminúa a criminalidade. Os delitos violentos son excepcionais. Hai que estudalo ben. O PP só ve máis cárcere. A violencia machista require medidas e non só penas. É entendible a repugnancia da sociedade. Súmome ao dito por Esperta Monforte. Os casos de Diana Quer e do pequeno de Níjar foron cometidos con esta lei xa en vigor, de pouco lle importou a esa xente. En USA, con Estados con pena de morte, non se rebaixan os asasinatos, nin os crimes masivos con armas. O Dereito Penal ten que ver co Estado de dereito e non debe ser tratado de maneira oportunista.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que se refire á consternación, á dor, pola morte en determinadas circunstancias de xoves inocentes. Non hai palabras suficientes de consolo. Non hai remedios legais. É un drama persoal inabordable. Hai que evitar o uso partidista interesado e os debates emocionais. Hai que ver o que di a avogacía, o Tribunal Constitucional, o Consello de Estado. Ata dende unha perspectiva retributiva e de castigo, o que se propón é un fracaso. Hai cousas nas que non todo vale. Este desatino é un híbrido entre cadea perpetua e non se sabe que. O máis grave é a inseguridade xurídica de revisable, é un acto de indeterminación que entra no arbitrario. O carácter revisor en materia penitenciaria non pode estar a priori na pena. Vou escapar da alusión ao populismo que está na mente de todos. É absolutamente inconstitucional, canto antes debe ser desterrada do ordenamento xurídico español. O voto é en contra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que ve como mostran consternación outros intervenientes. Dna. Maribel García, se fose da familia, pena de morte, ata mataría ela. Realizan acusacións de uso político, cando vostedes fan seguidismo dos partidos que os sustentan, sen reflexionar sobre isto. Hai un recurso de inconstitucionalidade; se esa é a preocupación, esperemos a que o Tribunal Constitucional se pronuncie. É unha pena sometida á posibilidade de revisión. Quen cumpre 40 anos de pena? Cantos ven a asasinados na rúa aos poucos anos? Contemplemos ás vítimas e ás posibles vítimas, e poñámoslos de novo na sociedade para que poidan cometer outro delito. O parricida de Moraña é o único caso ata agora, digan se non lles parece un caso reprobable. Están os asasinados por non reinsertados de novo libres. O Consello Fiscal, o Consello do Poder Xudicial –incluídos membros do PSOE-, o Consello de Estado avalárono. Italia, Dinamarca, Alemaña e outros países, teñen algo parecido. Están en contra do sentir de moita xente e do sentir propio.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a necesidade de vinganza non debe terse en conta. Se só se aplicou unha vez, iso demostra que o Código Penal xa era suficientemente duro.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que segundo Dna. Julia Rodríguez o 95% está a favor da prisión permanente revisable. É moi fácil xogar coas emocións das persoas, pero non se debe legislar coas emocións. Non debemos ser xuíces, hai que ter unha preparación de catedrático para legislar en frío. O Código Penal, din os que entenden, ten recursos sen esta lexislación nova, que é absolutamente oportunista. É lamentable que un goberno legisle por emocións, hai que legislar por xustiza.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que reitera o seu voto en contra.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle pregunta á portavoz do Grupo do PP se quere que votemos por algo que non soluciona nada. Se queren que a xustiza funcione, dótena de medios.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que se aplicou só unha vez porque é excepcional. Está para os delitos de maior reproche social. Dna. Maribel García procede con emocións cando di que mataría se lle toca a ela. Cando se aproba unha lei avalada polos órganos correspondentes non é emoción. E a presidenta da Asociación Clara Campoamor, que saíu avergonzada do Congreso dos Deputados? Cren que isto aprobeuse ao tolo? Non apoian algo que vén do PP, pero van por mal camiño. Recórdallo ao PSOE a representante da Asociación Clara Campoamor, socialista acreditada. Non fagan seguidismo dos seus partidos. Quen demanda isto non actúa por vinganza, senón por xustiza.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE Á DECLARACIÓN DA FEMP SOBRE ACCESIBILIDADE MUNICIPAL UNIVERSAL.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Monforte, consciente da necesidade de mellorar a accesibilidade no noso Concello, e dando por reproducido o contido da Declaración da FEMP, que se acompaña (*), propón a adhesión deste Concello á citada declaración e a aplicación das medidas que contén a mesma.

(*) A declaración ten o seguinte contido:

“DECLARACIÓN DE LA FEMP SOBRE ACCESIBILIDAD UNIVERSAL MUNICIPAL.

EN EL MUNICIPIO CON ACCESIBILIDAD UNIVERSAL, EL DERECHO DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD, ES EN BENEFICIO DE TODA LA POBLACIÓN.

El entorno urbano mejora con la simple sustitución de unos escalones por una rampa adecuada, permite salvar el desnivel con seguridad, confianza y comodidad a una madre que lleva de la mano a dos niños, un padre con un cochecito de bebé, una persona con un carrito de la compra, un adolescente tecleando su móvil, una pareja de personas mayores, dos niñas jugando, cualquiera que hoy tiene molestias en una rodilla y también a una persona con discapacidad.

Lo anterior tan solo es un ejemplo relativo a discapacidad física. La colocación de un cartel informativo basado en principios de accesibilidad cognitiva facilitará que sea entendido por un turista, una inmigrante, o un refugiado que no conoce bien nuestro idioma, una persona muy mayor o un niño e incluso una adolescente, una persona con discapacidad visual o incluso, cuando llevamos más prisa de la que deberíamos, y también... a cualquiera con discapacidad cognitiva.

Afortunadamente cada persona es diferente, también tenemos diferentes capacidades, nos reconocemos el derecho a ser singulares, únicos, y la obligación de posibilitarlo, en beneficio de toda la población, en interés de nuestra sociedad y de nuestro municipio.

La accesibilidad universal es la posibilidad de acceso, de uso y disfrute del conjunto de los entornos, bienes y servicios que ofrece nuestra sociedad en nuestro municipio, sin discriminaciones ni exclusiones por razones de discapacidad física, sensorial o cognitiva.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



La Convención Internacional de la ONU sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, fue el punto de inflexión en el tratamiento y la consideración de la accesibilidad, determinándola universal. Aprobada en Nueva York el 13 de diciembre de 2006 y ratificada por España, fue publicada en el B.O.E. de 23 de abril de 2008 y entró en vigor en nuestro ordenamiento jurídico, el 3 de mayo de 2008.

En el año 2003 se aprobó la legislación básica estatal que establece las obligaciones de accesibilidad y no discriminación, y posteriormente el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de Derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, que determinó los plazos de exigibilidad de las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación. Hoy, todos los entornos, bienes, productos y servicios deben ser accesibles, salvo los legalmente preexistentes que no sean susceptibles de ajuste razonable.

La inexistencia o las carencias de accesibilidad universal, constituyen obstáculos insalvables para llevar una vida independiente, libremente decidida, y para alcanzar una completa inclusión en nuestra sociedad y municipio.

Por otra parte, los entornos, bienes, productos y servicios accesibles posibilitan el ejercicio de otros derechos básicos (al voto, a la educación, etc.)

Las administraciones públicas, y de forma más directa las entidades locales, junto con la sociedad civil, han avanzado significativamente en favor de la accesibilidad universal en la última década. Sin embargo, las acciones implementadas no han sido suficientes. Una vez alcanzado el 4 de diciembre de 2017, el espacio por recorrer aún resulta muy relevante en la exigencia de las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación.

En este periodo, los gobiernos locales han sufrido la misma pérdida de recursos que la crisis económica ha traído a toda la sociedad.

Por otra parte, la legislación estatal y autonómica actual carece de la necesaria concreción en la determinación de los ajustes razonables, en las acciones a implementar para la consecución de la accesibilidad universal en el conjunto de los entornos, bienes y servicios.

En este contexto, resulta determinante alinearnos, cooperar entre las entidades locales y las entidades de la sociedad civil que velan por la defensa de los derechos de las personas con diferentes capacidades y las representan, para acordar acciones que permitan abordar de manera realista el cumplimiento de las condiciones de accesibilidad y no discriminación.

Con este propósito, la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) recomienda a sus entidades locales asociadas y a la sociedad civil y a su ciudadanía, mediante esta

DECLARACIÓN



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Que la estructura organizativa municipal contenga un área de gestión específica de la accesibilidad universal, incorporada a una concejalía que contemple este término.

Que en toda iniciativa municipal sea valorada la aplicación de los criterios de accesibilidad universal y su cumplimiento.

Que el área de gestión específica de la accesibilidad universal coordine la Comisión Municipal de Accesibilidad Universal, órgano municipal de coordinación que solventará los conflictos interdepartamentales surgidos en los proyectos y actuaciones municipales.

Que el gobierno local impulse la firma de un pacto municipal y la creación de un observatorio municipal sobre accesibilidad universal con las entidades representativas de la sociedad civil en materia de accesibilidad universal.

Que el gobierno local elabore, ejecute, evalúe y actualice su plan municipal de accesibilidad universal, en colaboración con las entidades representativas de la sociedad civil en accesibilidad universal.

Que en el plan municipal de accesibilidad universal se determine el porcentaje de fondos del presupuesto municipal destinado a accesibilidad universal en el periodo de aplicación del plan.

Que anualmente se elabore una memoria de seguimiento del plan municipal de accesibilidad universal que contenga las actuaciones realizadas en esta materia por el ayuntamiento, diferenciándolas de aquéllas destinadas específicamente de la atención a la discapacidad.

Que el conjunto de ordenanzas municipales contemple necesariamente actualizado, el ámbito de la accesibilidad universal.

Que las entidades locales incluyan en su plan de formación para empleados públicos, la materia de accesibilidad universal.

Que el gobierno local oriente, informe, conciencie y asesore a los ciudadanos en materia de accesibilidad universal.

Que se propicie la existencia de entidades representativas de la sociedad civil en accesibilidad universal y la incorporación de esta materia en aquellas otras entidades de la sociedad civil que no la tengan como objeto social.

Que junto con las entidades representativas de la sociedad civil en accesibilidad universal, se censan las necesidades de actuación municipal en el ámbito de la accesibilidad universal, se jerarquicen y se atiendan, según lo establecido en el plan municipal sobre accesibilidad universal.

Que la contratación pública municipal sea especialmente rigurosa en la exigencia de los criterios de accesibilidad universal en la contratación de los bienes y servicios adquiridos con sus fondos públicos.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Que el Gobierno Central y los Gobiernos Autonómicos doten de recursos económicos suficientes a las entidades locales para que puedan desarrollar adecuadamente las actuaciones recomendadas en esta Declaración.

Que la legislación estatal y autonómica determine los ajustes razonables en los diferentes entornos para que las entidades locales puedan ejercer sus competencias en el ámbito de la accesibilidad universal, en beneficio de la ciudadanía.”

Polo exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1.- A ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE Á DECLARACIÓN DA FEMP SOBRE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.

2.- INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A APLICAR E POÑER EN PRÁCTICA NO CONCELLO DE MONFORTE, AS RECOMENDACIÓNS CONTIDAS NA DECLARACIÓN DA FEMP SOBRE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica esta adhesión. Le o penúltimo parágrafo da parte expositiva sobre cooperación coa sociedade civil. Le os puntos da declaración. Esperamos contar co apoio do resto da Corporación.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que van apoiar esta moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén a apoia, todo isto redundará en beneficio das persoas con discapacidade. O voto é a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que mostra o seu apoio.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que se alguén está comprometido con isto, é este equipo de goberno; que por suposto que o apoian, está promovido polo PSOE dende a FEMP, se ben é máis para grandes Concellos. Temos actuado a este respecto en beirarrúas, en edificios, en ascensores –o do Multiusos e o novo da Casa da Cultura-. Pon máis exemplos de actuacións neste ámbito. No orzamento de 2018 está previsto un convenio con COGAMI para un proxecto de accesibilidade. Pola nosa parte, hai un fiel compromiso con isto; polo tanto, a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que na Casa da Cultura, actuacións no ascensor e nos baños, foron propostas do seu Grupo. Teñan presente o traballo das asociacións de interese social. Na rúa Carabantes, non se cumpre, é unha rúa antiaccesibilidade. Unha vez adheridos, leven isto adiante. Tamén na contratación de persoal, non o hai neste Concello porque non se favorece.



De Dna. Pilar López Martínez, que di que xa dixo antes que isto vai de vida e milagres do grupo de goberno. Pediríalle ao Sr. Torres máis rigor respecto ao funcionamento anterior do ascensor na Casa da Cultura; e sobre a rampa da Casa da Cultura, chapuza semellante, poucas. A rampa que deixaron na rúa da Estrela na parte da vía, revísena. Non sei se está moito na normativa sobre usuarios de cadeiras de rodas.

(Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias non interveñen na segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que celebra o que lle di. Dedicarei máis tempo a iso.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE O DESMANTELAMENTO PROGRESIVO DO NOSO HOSPITAL COMARCAL.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Pilar López Martínez, e retírase da sesión a Sra. Interventora).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

Como é ben sabido, o goberno galego quere cambiar a Lei Galega de Saúde para reconverter as 4 Áreas Sanitarias en Distritos de menor rango, con menos recursos e menos capacidade de xestión, e así poder alcanzar tres grandes obxectivos:

1. Recortar e dismantelar os hospitais comarcais para transformalos nunha especie dos antigos ambulatorios de especialidades, coa finalidade de reducir gasto.
2. Recentralizar a xestión das áreas e Atención Primaria, para controlar o fluxo de pacientes aos grandes hospitais. O PP e Núñez Feijoo está en contra da descentralización sanitaria e da autonomía de xestión.
3. Utilizar as listas de espera asociadas a estas decisións para desviar pacientes ao sector privado, utilizando a Lei de Garantías Tempos de Espera, que entrou recentemente en vigor.

As **estratexias** seguidas ata o de agora nas 4 áreas sanitarias e que se pretende perpetuar, responden a un mesmo patrón que podemos resumir da seguinte maneira:

1. Baleirado de competencias das Xerencias dos hospitais comarcais e concentración dos recursos de apoio administrativo nos grandes hospitais de área.
2. Pechamento de servizos especializados que se trasladan aos Complexos Hospitalarios o que incrementa a lista de espera e obriga os enfermos a trasladarse moitos quilómetros, dificultando o acceso á asistencia aos pacientes e un elevado custo para as familias que os coidan.
3. Recortes no persoal especialista dos hospitais e na atención primaria. Nalgúns casos os profesionais van uns poucos días á semana pasar consulta.



4. Perda de capacidade resolutive dos hospitais comarcais e da calidade da atención.
5. Perda de capacidade resolutive da Atención Primaria, relegándolle un papel subalterno e a controlar os fluxos de pacientes aos hospitais, en detrimento da promoción e prevención de saúde.
6. Sobre carga de traballo para os traballadores que repercute dunha forma significativa sobre a calidade da atención.
7. Perda de postos de traballo e na economía local das áreas.
8. Privatizacións nos servizos xerais de apoio a un hospital comarcal.

Poderíamos argumentar todas estas estratexias poñendo exemplos de cada unhas das 4 áreas sanitarias, pero nós ímonos centrar na Área de Monforte.

- 1. Perda de especialistas** con desaparición práctica de especialidades e aumento espectacular das listas de espera nas seguintes patoloxías :
 - a. Un Dixestólogo. Contratouse provisionalmente a un internista o que supuxo unha lista de espera de endoscopias de máis de 9 meses.
 - b. Un cardiólogo, por xubilación e que non se cubrirá.
 - c. Non se cubriu durante moito tempo unha praza de radioloxía polo que a listas de espera de TAC e Resonancia (RNM) supera os nove meses.
- 2. Déficit de recursos asistenciais**
 - a. Só hai consulta de alergoloxía unha vez á semana e as probas realízanse en Lugo por falta de recursos. A lista de espera en Alerxia é superior a un ano en primeira consulta.
 - b. Faltan profesionais de enfermería, auxiliares de clínica e non se cubriron un total de 22 prazas. Esta situación xera unha gran sobrecarga de traballo e perda de calidade asistencial.
- 3. Perda de autonomía de xestión.**
 - a. A maioría das decisións adóptanse na Xerencia do Hospital de Lugo (HULA)
 - b. A mala xestión do servizo de Cirurxía condiciona que (pese a ter os mesmos recursos que o de Traumatoloxía que apenas ten lista de espera) só opere pacientes de baixa complexidade, remitindo á maioría de enfermos a Lugo.
 - c. Privatizáronse recursos de apoio á xestión e á asistencia sanitaria: Informática e Mantemento.
 - d. Non se cubriu a praza por xubilación dunha telefonista. A falta de recursos fai que as fins de semana esta actividade estea cuberta desde Lugo.
 - e. En conclusión, estamos asistindo ao inicio dun goteo permanente de perda de postos de traballo.
- 4. Consecuencias na economía local.**
 - a. Mentres fomos área sanitaria con orzamento propio as compras do material administrativo e de mantemento do Hospital realizábanse nos distintos establecementos comerciais de Monforte, fronte á situación actual na que se centralizou a compra na cabeza de área.

5. Atención Primaria



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



- a. Non se cubriron as prazas vacantes por xubilación ou traslado nos Centros de AP de Monforte, Pobra do Brollón, Saviñao e Chantada.

Como se está poñendo en evidencia, quen nos goberna na Xunta de Galicia, non está a escoitar o clamor cidadán que, en varias ocasións, manifestou o total rexeitamento á actual política sanitaria.

Por todos estes motivos, o Pleno da Corporación, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao equipo de goberno:

1. Á creación inmediata do Consello Municipal de Saúde de Monforte de Lemos para artellar unha maneira de informar a cidadanía de todos os feitos que vaian xurdindo como medida de presión para garantir o futuro do noso hospital.
2. A que se dirixa ao Señor Xerente Executivo do Hospital Comarcal de Monforte para que proceda á desmaquillaxe das listas de espera e remate, polo tanto, coa ocultación de pacientes nas listas non estruturais.
3. A que se dirixa ao Sergas para a modificación da Lei de Garantías dos tempos de espera que facilita a desviación a centros privados.
4. A que se dirixa á Consellería de Sanidade para recuperar os recursos recortados no noso Hospital, incrementando o persoal sanitario tanto no hospital como na atención primaria.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción -repartiu unha foto ilustrativa-. No punto 3 do acordo di que na Coruña 97 millóns de euros foron para licitar asistencia privada. Engade trala lectura que faltan 22 profesionais, non se está a levantar aos pacientes nin outras cousas. O xerente Sr. Ares dixo que hai suficiente persoal. Non é así. O Dr. Castro, internista do cadro de persoal, recoñece a carga de traballo.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que non vai engadir moito máis. Facer fincapé en que só o PP aprobou a reforma da Lei de Saúde. As persoas que dependen das EOXIs din que isto está empeorando cada vez máis; se non, non sería posible tanta xente mobilizándose. Segundo o goberno, porque lles mentimos. Que casualidade que noutros temas non arrastramos tanta xente. Acábase de sacar, como dixo Dna. Maribel García, a licitación polo CHUAC obrigas do cadro de persoal para prestar servizos no privado. En Pontevedra está o caso dun profesional que se negou a iso. Segundo a xerencia de Pontevedra, na pública non se funciona ben e promociónase a privada. Cada vez máis xente vai á privada polas listas de espera, e para probas diagnósticas pola demora na pública. Hai unha presión cara ao privado. Oín argumentos de que se vai mellorar a xestión,



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



achegar o médico ao paciente, non se pode pola distancia dos hospitais, por moita tecnoloxía que haxa. Outra opción é aumentar o número de médicos, iso non vai pasar. Explica os problemas dos desprazamentos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que outra vez estamos no debate do noso hospital. Non falemos de reprobação, se non deberíamos reprobar a quen alarmaron. A moción refírese aos antigos ambulatorios, xa o dicían en 2010. Enumera todo o que se ten feito. Investíronse dende 2012 máis dun millón de euros e din que isto é desmantelar. En realidade, non quere que se cumpra a lei de garantías, o centro privado está para iso. A licitación da Coruña é para centros que xa existían antes da reforma da lei. Fala de desprazamentos longos: como llelo explicamos aos máis de dez mil desprazamentos evitados por ter atención aquí? Comenta casos de problemas de contratación de especialistas. É falso o que di sobre 9 meses para o TAC, son 45 días. Refírese á realidade sobre a carga de traballo. Por que entón esas carteleiras que organizaron? Falso o da telefonista, segue igual que antes. Podo estar de acordo co punto 1. Os datos que valen son os de vostede? Non cremos nada acostumados a tantas falsidades.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é unha artimaña para paseniño paseniño rematar coa sanidade pública. O tempo, factor non xurídico, será o que diga e daquela cada pau que aguante a súa candeia. Vou apoiar esta iniciativa.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que xa temos debatido a Lei de Saúde. Se tan orgullosos están dela, por que o Conselleiro non foi capaz de debater no pleno parlamentario. Sobre o Consello municipal de Saúde, temos tido dificultades, e tamén contactos con Concello como Fene ou Curtis que xa o teñen. Nesta primavera, miraremos con tódolos grupos para poñelo en marcha.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle pide ao Sr. Alcalde que lle responda se naquela reunión a do PP tiña como única preocupación a queixa sobre as carteleiras da unidade de enfermaría. Dille á Dna. Julia Rodríguez que di iso porque sacou de novo as carteleiras, non lle preocupa que os TACs tarden 9 meses e as endoscopias máis dun ano. Temos un veciño en Monforte –Eduardo, deu a cara en público- que xa leva dous meses noutro hospital de Galicia por oncoloxía e de Monforte non o chamaron. No caso do alergólogo, tírase o diñeiro, as probas son en Lugo. En oncoloxía, xa hai catro días necesarios, pero nós non queríamos perder a área, en Lugo está colapsada.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que é un tema sobre o que volvemos pola nova lei, hai que seguir para que esa reforma non se leve a cabo. Dille a Dna. Julia Rodríguez que cando se fala de listas de espera, na media xúntase a urxencia –esta faise rápido- coa non urxencia –para unha resonancia ordinaria, catro meses-. As estatísticas poden facer cousas que non son.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a Dna. Pilar Espinosa que o Conselleiro non estivo no debate, porque interveñen quen participaron na tramitación. Nin este conselleiro nin outro, poden comparecer pero non participan no debate dunha lei. Para o Consello municipal de Saúde, está ben a présa, pero tamén o regulamento orgánico ten présa. Dille a Dna. Alicia Cadarso que pode ser así o das listas de espera, a lei de garantías estivo prevista para evitar iso. Esta modificación da lei é para



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



favorecer os hospitais comarcais, como o noso, que se pon con nome e apelidos. Eu tamén escoitei a ese paciente –puiden saber que pedira traslado do seu expediente, aquí xa non o chamaron por iso-. Vostede, Dna. Maribel, sabía iso e permitiu que saíra desa forma á luz pública, era a súa propia decisión, esas cousas hai que dicilas. Discútelles a Dna. Maribel García o seu criterio sobre os oncólogos.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que reiteran o voto a favor e a seguir traballando. Se non se mellora a sanidade pública, que non empeore.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di que están a favor. A sanidade pública hai que defendela.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle pregunta a Dna. Julia Rodríguez que por que non fala con Eduardo. Ten razón no do traslado do expediente, pediuno cando estaba farto de facer reclamacións e non se lle deu endoscopia nin urxente nin preferente. Dille ao Alcalde que quería que lle dixese como foi o das carteleiras. (O Sr. Alcalde dille que máis ou menos como dixo). Fala vostede, Dna. Julia, de carteleiras de 24 horas, só as están a facer dous servizos, matronas e urxencias. Preocupoulle o das matronas. Andamos nun neno por día, non hai carga de traballo, recomendase o parto cun só profesional. Pero non lle preocupan as 24 horas dos médicos. Explica como son as horas das carteleiras. Vostede empeñouse en crear un problema que non existía. Incorporarei unha foto: é da planta de medicina interna, vese como protexen os pacientes o aire. Mire o mobiliario, unha mala xestión.

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS ORDENANZAS FISCAIS SOBRE O ICIO A ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO OU DECLARADAS DE UTILIDADE PÚBLICA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓ DE MOTIVOS.

Con anterioridade tróuxose a este pleno proposta da modificación do ICIO do 30% ó 90% a entidades de carácter social sen ánimo de lucro ou declaradas de utilidade pública do noso Concello, que realizasen obras vinculadas cos seus fins sociais, para a anualidade do 2018. Estas iniciativas foron aprobadas por maioría na sesión ordinaria do mes de decembro. Dada a negativa do equipo de goberno a aplicarlas e en aras a desbloquear a situación actual que se presenta especialmente coa Asociación Prodeme, e para que esta e calquera asociación que presente as mesmas características e teña algún proxecto a medio ou longo prazo, saiban en que prazos poidan traballar.

Tendo en conta que estamos a finais de marzo e que o pasado ano o equipo de goberno trouxo a pleno as modificacións das ordenanzas fiscais para a súa aprobación no mes de outubro, confiando en que se sigan cumprindo os tempos neste tema como ate de agora, este grupo presenta neste pleno a debate e se procede á súa aprobación, o seguinte ACORDO:



- Instar ao equipo de goberno a que nas modificacións de ordenanzas fiscais de 2019, se introduzan os cambios antes mencionados, no punto 7-e a bonificación se incremente do 30 ó 90º no ICIO para as entidades antes mencionadas”.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno da Corporación, por un voto a favor (Grupo do BNG), dez votos en contra (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción presentada polo Grupo municipal do BNG relativa ás ordenanzas fiscais sobre o ICIO a entidades de carácter social sen ánimo de lucro ou declaradas de utilidade pública.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción e aclara que o único que persegue esta iniciativa é unha unanimidade para que na próxima anualidade se leve a cabo esta modificación do ICIO. Espero a explicación da emenda do PP. (A emenda que repartiu o Grupo Popular nesta sesión, ten o seguinte contido: “Propónse substituír o texto polo seguinte: Instar ao equipo de goberno a dar cumprimento de inmediato ao acordo plenario adoptado o pasado mes de decembro pola Corporación monfortina, nos seguintes termos: **-MODIFICAR A ORDENANZA REGULADORA DO ICIO, no art. 7 e) a fin de incrementar do 30 ao 90% a bonificación a entidades de carácter social ou declaradas de utilidade pública, que realicen obras dirixidas ao desenvolvemento dos seus fins sociais, quedando redactado nos seguintes termos: “e) 90% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros, sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas”.**”)

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que xa en decembro de 2017 houbo mocións con todos a favor disto agás o grupo de goberno. Nesta moción vén o mesmo, pero agora para 2019. Por que non para 2018 como está aprobado? Por que non pode ser modificada xa a ordenanza, que non é de devindicación anual? Por que non é máis ambicioso e pídeo para 2020 e anos sucesivos? Di que é para desbloquear a situación con Prodeme, que garantías ten de que o Alcalde o fará para 2019? O único que ten bloqueado isto é un estraño interese do Sr. Alcalde. O problema é que temos dous proxectos que rondan o millón de euros, paralizados polo Alcalde non querer modificar a ordenanza. Está ben ser Concello emprendedor e outras cousas, pero está mal desprezar o labor de Prodeme. Son prexuízos serios, non como o de Pacadar. En coherencia co votado en decembro, solicitamos que mude a súa petición e poña 2018.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que cando viu esta moción, chamou ao do BNG, porque pensou que había un erro, 2019 por 2018. Penseino porque o BNG, que non presentara moción, votou a favor das tres presentadas, pensei que quería tamén unha moción propia. É incoherente para este Grupo que despois de votar aquilo en decembro, poña o ano 2019. Mantén que sería bo para 2018, pero quere aseguralo para 2019. Se isto o presentase cando sexa para 2019, votaría lle a favor, pero hoxe por coherencia non pode.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di a Dna. Maribel García que na reunión dixo que había carteleiras ilegais. Sobre a foto, renováronse dúas plantas, diga o que está pendente, pero tamén o que está feito. Voulle explicar a nosa emenda ao propoñente da moción. En decembro, reproduciamos o artigo 7 da ordenanza, pondo 90% en lugar de 30%. Propoñemos unha emenda de substitución, non para levalo a 2019, senón para que se cumpra de inmediato o acordo de decembro. Para 2019, non é necesario que veña con isto no mes de marzo. Hoxe aprobouse o 30% para quen puido ter tido o 90%. Por que 2019? Por que o equipo de goberno ten esa idea? Que fraco favor! Non se preocupe, que aínda que non se aprobe, levarémolo ás próximas ordenanzas. En coherencia co aprobado en decembro, inste a modificación inmediata. Non estamos falando de cousa menor cos proxectos de Prodeme. A posición do Alcalde non a entendo; a proposta do BNG, menos. Como explicamos que nos próximos meses teña que seguir sendo o 30%? Non o aprobamos, salvo que se acepte a emenda de substitución.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao propoñente que non dubidan da boa intención da proposta, pero non sabemos como será en outubro. Ímonos abster. Ao Alcalde e ao equipo de goberno parécelles ben calquera investimento, dentro da legalidade. Parece que había problemas por 18.000 euros e agora aparecen cinco millóns para un *aparthotel*. Hai que diferenciar actividade social e investimento de capital puro e duro. Ese hipotético hotel sería atendido por persoas con discapacidade. Para traballos sen esas peculiaridades, a Xunta non axuda. Esperemos que non pase como con cousas que se anunciaron e non se fixeron. Agradecemos o esforzo do propoñente pero nós estamos na lei e sen atender a chantaxes.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que isto é porque o goberno non recuou e dixo que non para 2018. Se non quere en 2018, terá que explicalo. Sobre a coherencia, podésese marcar por moitas cousas, pero non pola falta da coherencia. A verdade é que tres meses despois, isto non o temos. O que busco é unha estratexia de solución. A realidade é esta: ou queda no limbo ou que contén con isto para o mes de outubro. Iso non interrompe que se puidese facer antes. Buscábase un horizonte de solución, pero se non lles gusta, están no dereito de votar o que queiran. Se quixese poñer 2018, xa non o traería.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Sr. Torres sobre isto tan traído e levado: modifique a ordenanza e acabouse. Seguen coa agulla de marear. Leo a conclusión do Sr. Secretario: “Dun simple exame da normativa legal, dos acordos das mocións e do regulado actualmente polo Concello resulta evidente a legalidade do proposto nas mocións, que non acadan co 90% de bonificación que coinciden en propoñer o tope legalmente permitido, que é do 95% de bonificación”. Veña vostede co 95% e aínda lle aplaudimos. Non volva dicir que estas mocións eran ilegais. No medioevo estaba a arte de trovar, aquí temos a arte de enlevar, o fío do nobelo. Claro que Prodeme ten 18.000 euros, pero é cuestión de dignidade e respecto desta asociación. Sabe cantas asociacións temos declaradas de utilidade pública?



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Sabe os requisitos para iso? Pregúntalle ao propoñente se ten a certeza de que se vai cumprir con isto para 2019. Lamento moito votarlle en contra, sen non pon 2018 por coherencia.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que como xa dixo a súa postura, aproveita para dirixirse á portavoz do Grupo do PP sobre a moción anterior. A súa pregunta ía sobre a enfermaría. As carteleiras non son ilegais. (Segue falando disto durante un tempo. O Alcalde dille que é certo o que dixo).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o Alcalde tamén recordará que non foi ela, senón Esperta Monforte quen introduciu o da enfermaría. (Segue tamén durante un tempo co das carteleiras). Dille ao Sr. Torres que lle molesta esa actitude del sobre actividades sociais e económicas. Ningún sector está en condicións de ser máis competitivo con discapacitados, a pesar de bonificacións e axudas varias. Desprezar o labor que fai quen contrata discapacitados, o que este Concello non fai, é moi groseiro, moi baixo. Pregúntalle ao propoñente que como o equipo de goberno xa non cumpre, que garantía ten de que cumprirá para 2019?

(O Sr. Alcalde di que teñen razón as dúas: Dna. Maribel García queixouse da enfermaría e Dna. Julia Rodríguez dos horarios). (Dna. Julia Rodríguez di que das carteleiras, non dos horarios). (O Sr. Alcalde chámala á orde por segunda vez). (Discuten os dous).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que segue sen ler o informe completo do Sr. Secretario. Sobre dignidade e respecto, por iso non entramos en caprichos e chantaxes.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que lle di a Dna. Pilar López que o van pedir de ano en ano. As mocións eran legais; aínda que pense que é ridiculez, falan de coherencia: imos vela no mes de outubro e veremos se somos coherentes ou non.

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á UNHA TRAVESÍA DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO.

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na rúa Celso Emilio Ferreiro, á altura do número 42, existe unha travesía que debería nun futuro estar comunicada coa rúa Sarria, dita travesía dá servizo a varias vivendas ao fondo da mesma, así como ó acceso dos garaxes do número 40. Esta travesía presenta varias deficiencias:

- Un firme de terra, que nesta época chuviosa presenta varias balsas de auga, dificultando o tránsito, sobre todo o peonil.
- Para acceder a esta travesía hai que facelo mediante a beirarrúa, coa dificultade e o perigo que presenta.
- Un estado de limpeza vexetal deficiente, incluíndo un vehículo aparentemente abandonado.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Esta travesía presenta unhas oportunidades de estacionamento de vehículos e mesmo como zona verde para o desfrute da veciñanza, algo que co actual estado, non se está aproveitando.

O Pleno, por un voto a favor (Grupo do BNG) e dezaseis abstencións (Grupos Socialista, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ó equipo de goberno a que mentres non se comunique esta travesía coa rúa Sarria, conformando así unha nova rúa, se leven a cabo as medidas oportunas para emendar as deficiencias existentes.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción, con algunha explicación adicional, como que o vehículo está hoxe retirado.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle di ao Sr. Torres que se non é legal o de decembro sobre o ICIO, que os leve á fiscalía. Podería ser calquera outra asociación ou particular que non sexa Prodeme. Sobre esta moción, non sabemos se é terreo público ou non. Se é público, a favor. Como non temos esa certeza, o máis prudente é abstermos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se é melloría para a cidadanía, votarán a favor. Dou por sentado que se poida facer por ser público.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que á espera de se é público ou non, abstención.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é unha embocadura de rúa un pouco especial. Unha cousa é unha mellora e outra urbanizar. Haberá que mellorar ata que o Plan Xeral determine a zona. Ímonos abster.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que quere incidir no da beirarrúa, é importante. Este Grupo cre que é dominio público municipal. Isto podería ser un rogo, pero trouxose ao debate por se había algunha achega. Agradecer se se apoia.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non teñen claro o de público ou privado. Ímonos abster. Se tivesemos certeza, son melloras e votariamos a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que é prudente absterse pola dúbida expresada. Que o grupo de goberno o clarifique.



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que á vista das dúbidas, nós tamén nos imos abster. No futuro, solicitaréi constancia das intervencións na Xunta de Portavoces, para evitar terxiversacións.

(D. Iban Torres Rodríguez non intervén na segunda quenda).

17. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os seguintes asuntos:

A) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RECIBIDA DO EIXO ATLÁNTICO EN DEFENSA DA LIÑA FÉRREA OURENSE/LUGO-MONFORTE-O BARCO DE VALDEORRAS-PONFERRADA-PALENCIA.

Foi emitido ditame favorable por urxencia na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias conxuntas coa outra declaración deste punto da orde do día, acórdase o seguinte:

“O Pleno municipal, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Aprobar a Declaración Institucional en defensa da liña férrea Ourense-Palencia, resultante de reunión habida no Barco de Valdeorras o 16 de marzo de 2018 e que ten o seguinte contido:

“Galicia tiene una posición geoestratégica privilegiada en el Atlántico, basada en sus conexiones con el continente americano en su conjunto y con Asia a través de canal de Panamá. Cuenta con cinco puertos de interés nacional que, unidos a los portugueses constituyen un potentísimo sistema de comunicaciones por mar en la fachada atlántica de la Península Ibérica. Todo ello configura un extraordinario potencial de desarrollo económico que puede y debe confluír en un *hinterland* que incluya toda la Galicia interior, El Bierzo y el Norte de Portugal.

El desarrollo de la fachada atlántica es un punto de equilibrio con respecto al Mediterráneo, y es básico para reforzar la cohesión entre una zona demográficamente muy poblada y con satisfactorios índices de desarrollo, y otra en alerta roja demográfica y con unos indicativos sensiblemente inferiores.

Este desarrollo solo puede lograrse creando las condiciones necesarias para que todo el potencial marítimo existente se traduzca de una vez en crecimiento económico, a través de la transformación, pero sobre todo de la logística y la distribución. Para ello es absolutamente imprescindible dotar a esta región de comunicaciones rápidas y modernas con el centro de la península y con el resto de Europa.



Es asimismo necesario que Galicia y el noroeste de Castilla y León tengan una conexión ferroviaria de mercancías, que también sirva para pasajeros, con las prestaciones y competitividad de las nuevas líneas ferroviarias europeas, que están siendo impulsadas por la Comisión Europea dentro de lo que se han llamado corredores ferroviarios. Galicia debe integrarse en el Corredor Atlántico que parte de Aveiro y que, pasando por Palencia y Euskadi, enlaza con Francia. Debe hacerlo con las mismas condiciones de velocidad y con idénticas características técnicas que las que tienen el resto de corredores, ya que es la única manera de que las mercancías que accedan a través de los puertos del Atlántico puedan competir con los que llegan a los del Mediterráneo.

Este acceso ferroviario debe ser construido enlazando Lugo con Ourense, por Monforte, O Barco y Ponferrada. En Monforte ha de impulsarse de forma definitiva el puerto seco, como nudo logístico del interior gallego, básico para el desarrollo ferroviario del noroeste peninsular. En la capital del Bierzo es también absolutamente preciso avanzar en la puesta en marcha del Enclave Logístico de la Red Cylog fundamental para la buena evolución de la competitividad en esta comarca. El acceso deberá confluir con el Corredor Atlántico en Palencia, integrándose de esta manera en el mismo, tal y como se contempla en los documentos de la Comisión Europea.

No luchar por estos objetivos sería apostar por la descohesión y la asimetría económica y social entre el Atlántico y el Mediterráneo ibérico, condenar al subdesarrollo y a la despoblación a los ejes interiores de Galicia y Noroeste de Castilla (El Bierzo) y provocar la degradación progresiva de los puertos gallegos, condenándolos a su total desaparición del mapa portuario y económico europeo.

Los representantes sociales y políticos de Galicia y El Bierzo, reunidos en O Barco de Valdeorras el 16 de marzo de 2018, lanzamos esta voz de alarma antes de que perdamos - literalmente - el último tren, con las consecuencias que ello tendría. Manifestamos por tanto nuestro firme y decidido apoyo a esta iniciativa, y solicitamos del gobierno español las medidas políticas, administrativas y financieras necesarias para el impulso inmediato a la línea ferroviaria Ourense/Lugo-Monforte-O Barco de Valdeorras-Ponferrada-Palencia. El proceso deberá iniciarse en este año 2018, para que esté completado en un plazo que no perjudique a la competitividad de los puertos gallegos y del resto del territorio.

Los representantes de las entidades, asociaciones, sindicatos, Ayuntamientos y grupos parlamentarios reunidos hoy aquí nos comprometemos a presentar y apoyar esta propuesta en nuestros respectivos órganos de gobierno, para lograr la aprobación de la misma.”

B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E IMPULSO Á MODIFICACIÓN DO CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS.

En base ao escrito presentado polo Grupo municipal do PP para que o Pleno se adhira a esta declaración, tralas intervencións regulamentarias conxuntas coa outra declaración deste punto da orde do día, acórdase o seguinte:



“O Pleno municipal, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Adherirse á Declaración Institucional de Apoio e Impulso da Modificación do Corredor Atlántico de Mercadorías, asinada o 9 de outubro de 2017 por representantes dos gobernos das Comunidades Autónomas de Asturias, Castela e León e Galicia, que ten os seguintes puntos na súa parte declarativa:

“**Primero.-** Que defienden que el *Corredor Atlántico* incorpore y priorice la conexión ferroviaria de su actual trazado español con los puertos marítimos de Vigo, A Coruña, Gijón y Avilés, -a través de Palencia y León-, y cuyo itinerario preferente pueda complementarse por la línea de costa entre A Coruña, Avilés y Gijón con el actual trazado del Corredor, creando un bucle de conexión de los puertos de la cornisa atlántica, similar al existente en el Corredor Mediterráneo.

Segundo.- Que apoyan expresamente la realización de las oportunas modificaciones de la Red propuestas en esta declaración conjunta, y de la conexión ferroviaria con las terminales portuarias y principales plataformas *intermodales*, al objeto de hacer posible un reparto más eficiente -económica y ambientalmente-, entre los diferentes *modos* de transporte, propiciando una mayor integración del mercado único y reequilibrando las posibilidades de atracción industrial de nuestras regiones

Tercero.- Que consideran que el Gobierno de España debe llevar a cabo las actuaciones necesarias para que la redefinición de las infraestructuras propuestas para los trazados de la Red básica en nuestras respectivas regiones, sean culminadas favorablemente a fin de conectar el Norte y Noroeste de España, (Galicia, Asturias y Castilla-León) con el Corredor Atlántico.

Al mismo tiempo debe finalizarse la red ferroviaria de Alta Velocidad en el Norte y Noroeste de España de forma coordinada con el Corredor Atlántico de Mercancías, al objeto de conseguir una red ferroviaria homogénea e integrada, que posibilite el deseado equilibrio territorial y ofrezca unas condiciones de accesibilidad similares para todos los ciudadanos.”

No debate das dúas declaracións incluídas por urxencia, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que pide que o PP explique a declaración que presenta.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que na declaración do Eixo Atlántico tense en conta a Monforte. Pregunto ao PP se non se pon en valor o paso por Monforte, no mapa tampouco está Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que é unha declaración aprobada ademais no Parlamento de Galicia. Trátase de que non quede o noroeste peninsular fóra do corredor atlántico. O bucle que contempla tamén a Xixón é para dar resposta a portos galegos e asturianos. No Parlamento consta referencia a Monforte. Botei de menos na declaración do Eixo



Atlántico unha referencia a esta outra. O verdadeiramente útil era aprobar esta proposta que traemos, para que chegue ao goberno de España e ás institucións europeas. Anuncio abstención na do Eixo Atlántico porque non contempla os portos galegos. A outra no Parlamento foi unánime.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que no Eixo Atlántico si se falou dos portos, concentrando as mercancías en Monforte, que non vaian por Ourense.

(Hai un diálogo entre o Sr. Alcalde, Dna. Julia Rodríguez e Dna. Pilar López, esta di que é unha mágoa que non haxa unha soa declaración. Dna. Maribel García di se sería posible deixalo sobre a mesa. O Sr. Alcalde di que hai certa presión ante Europa. Hai explicacións adicionais de Dna. Julia Rodríguez e do Sr. Alcalde, dicindo este que ten máis peso Coruña-Ferrol que Vigo, e para non deixar descolgado a Vigo está o vir por Monforte).

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

18. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.02.2018 a 20.03.2018. E RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 28 DE FEBREIRO DE 2018 RELATIVA Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE APELACIÓN NO PROCEDIMENTO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ORDINARIO 438/2016 (art. 21.1.k) e art.22.2.j) da Lei 7/1985).

- A) O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de febreiro de 2018 e o 20 de marzo de 2018.
- B) A ratificación tivo ditame favorable na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

O PLENO, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), ACORDA RATIFICAR a seguinte decisión que figura no Decreto da Alcaldía 2018000190, do 28/02/2018:

“Interpoñer en ambos efectos, segundo o previsto no art. 83.1 da Lei 29/1998, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, recurso de apelación para ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra a sentenza nº 29/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, recaída en primeira instancia no Procedemento Abreviado 0000438/2016 P.”

(É un procedemento dimanante do recurso contencioso-administrativo interposto por Contenedores Escor Vitoria, S.L., contra o acordo do Pleno do 26/09/2016, que desestimou a reclamación de dita empresa por xuros de mora e gastos bancarios en facturas xiradas a este Concello de Monforte de Lemos).



19. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 27.02.2018, de 05.03.2018 (2), de 6.03.2018 e de 07.03.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

20. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2017 E DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA DA LIQUIDACIÓN DE 2017 DO CONCELLO E DO I.M.D.

- Liquidación do orzamento.

De acordo co previsto no art.193.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, dáse conta ao Pleno da Liquidación do Orzamento Xeral municipal correspondente ao exercicio de 2017, que ten as seguintes magnitudes principais:

ENTIDADE LOCAL.-

Resultado Orzamentario axustado: 2.026.728,65 €

Remanente de Tesourería total: 10.530.297,90 €

Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.399.832,53 €

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.-

Resultado Orzamentario axustado: 2.951,49 €

Remanente de Tesourería total: 30.152,25 €

Remanente de Tesourería para gastos xerais: 29.870,21 €

- Informe. Art. 16 do Real Decreto 1463/2007.

- **Obxectivo de estabilidade orzamentaria.** Capacidade de financiamento en termos consolidados, na liquidación do orzamento de 2017, de 2.195.688,96 € Cúmrese co obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- **Regra de gasto.** A liquidación do orzamento de 2017 do Concello de Monforte de Lemos cumpre o límite da regra de gasto por un importe de 140.405,31 € A liquidación do orzamento de 2017 do Instituto Municipal de Drogodependencias cumpre o límite da regra de gasto por un importe de 8.105,15 €
- **Nivel de débeda.** Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes: 11,96%. Aforro neto: 2.339.489,05 € que equivale ao 16,63% sobre os dereitos recoñecidos netos de 2017.

21. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO PARA O PERÍODO 2019-2021.



De acordo co previsto no art.6 da Orde HAP/2105/2012, dáse conta ao Pleno dos marcos orzamentarios para os exercicios 2019, 2020 e 2021 cuxo detalle está reflectido na Resolución da Alcaldía do 14 de marzo de 2018, que os aproba. Foron regulamentariamente remitidos ao MINHAP.

22. ROGOS E PREGUNTAS.

(Auséntanse D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

1º.- ROGOS E PREGUNTAS DAS/DO CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O. Son formulados por Dna. Pilar López Martínez, facendo fincapé nos interrogantes ou rogos concretos que figuran. Transcríbense os textos presentados.

A) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018, REITERADAS PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 1 DE MARZO DE 2018.

a) PREGUNTAS E ROGOS SOBRE AS AXUDAS A EMPRENDEDORES E AXUDAS ÁS FAMILIAS USUARIAS DA GARDERÍA.

“Como xa escoitamos no pleno ordinario do pasado día 18 de decembro de 2017, o Sr. Alcalde dixo por activa e por pasiva que tiña cumprido todos e cada un dos acordos que acadara co meu grupo e, en concreto, coa miña persoa no que respecta aos compromisos que motivaron a aprobación dos orzamentos de 2017. No que respecta ás axudas aos emprendedores no acordo inicial decidimos destinar 25.000 € co compromiso de que, se non era suficiente para cubrir as solicitudes, se incrementaría a partida económica. Na reunión que mantivemos o pasado día 5 de decembro onde falou dos orzamentos de 2018 pregunteille por este mesmo asunto, e o Sr. Alcalde confirmoume que non chegaba esta partida e que faría algún traspaso doutra partida económica, mesmo falou duns 40.000€

Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer as seguintes preguntas:

- 1. Cantos cartos destinou a aumentar a partida económica para as axudas aos emprendedores?**
- 2. Cal foi o importe total das axudas concedidas a emprendedores?**
- 3. Cantas solicitudes foron subvencionadas coa contía máxima segundo as bases que as regulaban, isto é 1.500 €?**

Así mesmo desexamos formularlle o seguinte **ROGO: que, en vista de que as axudas aos emprendedores da primeira edición foron insuficientes, amplíe a partida económica actual dos orzamentos de 2018 dotada con 25.000€, ata a cantidade necesaria para cubrir todas e cada unha das que se soliciten e reúnan os requisitos.**

No tocante ás axudas ás familias usuarias da gardería, tal como lle dixemos no pleno do 18 de decembro de 2017, estivemos buscando na páxina web a publicación das mesmas e non fomos quen de atopalas, e

como nos dixo que cumprira todos e cada un dos acordos que motivaron a aprobación dos orzamentos de 2017, entendemos que se publicaron unhas bases para axudar ás familias con nenos usuarios de gardería, por este motivo, **nos gustaría saber con que data se publicaron estas axudas e cantos cartos se destinaron a elas para dar cumprimento a este acordo entre o Sr. Alcalde e esta concelleira.**”

Respostas do Sr. Alcalde:

- 1.- Non se aumentou para evitar incumplir a regra de gasto.
- 2.- 25.000 euros.
- 3.- Houbo 28 solicitudes. Concedéronse 26, dúas non cumprían os requisitos. A cantidade maior concedida foi de 1.215,56 euros; aplicouse un baremo.

Ao Rogo: Volve haber 25.000 euros.

Sobre a Gardería: Non foi preciso, foi cuberto polo bono Concilia.

(Reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

b) PREGUNTAS SOBRE O SANEAMENTO DO ENTORNO DA RÚA SAN PEDRO.

(Auséntase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

“Recentemente estívoise levando a cabo unha importante obra para a nosa cidade como é o saneamento do entorno da rúa San Pedro que consiste en instalar tubaxes por diferentes rúas como Calvo Sotelo ou San Pedro.

Por este motivo, formulámoslle as seguintes preguntas:

1. Cales son as dimensións das tubaxes que se colocaron para este saneamento?
2. Ao longo de todo o percorrido presentan as mesmas dimensións?”

Resposta do Sr. Alcalde:

A mellora foi ata a rúa San Pedro, non nela. O colector da rúa Valle Inclán ten dúas medidas segundo tramo, a maior está baixo a vía. Na rúa Calvo Sotelo, son de 500 e de 600 mms.

c) ROGO E PREGUNTA SOBRE O ASFALTADO DA RÚA COBAS.

“Recentemente estívoise levando a cabo unha obra de asfaltado e pintado da rúa Cobas, na que ademais de non escoitar as demandas da veciñanza, tampouco escoitou as que lle formulamos no pleno ordinario de decembro, onde lle solicitabamos que modificase o proxecto co fin de retirar a terra de toda a superficie da rúa co único obxectivo de que se habilitase un espazo seguro de zahorra ou doutro material



para o tránsito dos peóns. O certo é que non fixo caso daquela advertencia e deixou os altos de terra nos laterais da rúa, dificultando así o paso e a circulación da importante afluencia de viandantes que, a diario, transita por esa zona. Pero se cabe, aínda é máis grave que, aos poucos días de asfaltar a rúa, mesmo antes de ser pintada, houbo que reasfaltala polas fochancas que nela se produciron, tal como podemos comprobar nas fotografías que se achegan.

Por este motivo, formulámoslle os seguintes rogo e pregunta:

Que non se despilfarran os cartos públicos que pagamos todas e todos os monfortinos cos nosos impostos e se fagan as obras con sentido común, xa que as obras fanse para que a zona quede mellor do que estaba, e desde logo nesta actuación, dista moito de quedar mellor, e máis cómoda para a veciñanza, porque **POR ONDE TEÑEN QUE PASAR OS VIANDANTES NAQUELES TRAMOS ONDE HAI TERRA NOS LATERAIS?**

Resposta do Sr. Alcalde:

Si que escoitamos aos veciños. Estamos optimizando os recursos ao máximo. Agora está moi mellorada, cambiou ben. É o que nos trasladan a nós. Algún defecto, se queda, arranxarao a empresa. Cando nós chegamos ao goberno, esa zona estaba abandonada. Agora ten pinta de rúa. Os peches non se podían afectar, en vivendas chegouse a elas.

(Reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

(Auséntase Dna. Julia Rodríguez Barreira).

B) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2018, REITERADAS PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 1 DE MARZO DE 2018.

a) ROGO PARA EVITAR A DISCRIMINACIÓN DE DETERMINADAS PARROQUIAS E BARRIOS DO NOSO CONCELLO POR PARTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO NO “PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO”

“O pasado día 14 de febreiro a Excma. Deputación Provincial de Lugo publicou no BOP, número 36, da provincia de Lugo, as bases do **PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO** para a anualidade de 2018.

Este programa, de grande acollida por parte dos concellos, asociacións sen ánimo de lucro e comisións de festas, leva xa moitos anos funcionando. Este ano, a Excma. Deputación de Lugo sorprendeunos cunha novidade, totalmente discriminatoria para moitas asociacións e comisións de festas, ao subvencionar unicamente festas que teñan lugar entre os meses de maio a outubro, tal como se pode ler na propia convocatoria, polo que, dende o meu grupo, preguntámonos que acontece con aquelas parroquias, barrios ou comisións de festa que celebran as súas tradicionais festas en xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro ou decembro?

Estamos ante unha actuación puramente discriminatoria para con estes veciños e veciñas.



Estamos a falar dunhas axudas que afectan a toda a provincia, pero se nos centramos ao noso concello, podemos citar, entre outras, a festa de Carude, a festa de Caneda, Chavaga, a festa do barrio de Rioseco, etc, todas elas celebradas entorno á Semana Santa, que este ano cadra a finais de marzo.

Por este motivo, e entendendo que unha administración pública non pode levar a cabo esta descarada discriminación, que, ao fin e ao cabo, sufragamos cos cartos de todos os habitantes da provincia de Lugo, presentamos o seguinte **ROGO**:

Que o equipo de goberno se dirixa á Excm. Deputación de Lugo para que poña fin a **esta discriminación** con aquelas festas que tradicionalmente se celebran nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro e decembro do noso concello dun xeito especial, pero tamén de toda a provincia de Lugo, modificando as bases desta convocatoria, xa que se ven privadas da posibilidade de concorrer á mesma.”

ENLACE Á BASES:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_17776_1.pdf

Resposta do Sr. Alcalde:

Non sei por que non sacou antes isto. Trasladaremos o rogo.

b) ROGO PARA REPARAR OS DESPERFECTOS NA RÚA CORREDOIRA

"Na rúa Corredoira existen varios desperfectos especialmente nas beiras entre a rúa e a beirarrúa e en concreto ao lado de varios sumidoiros de auga, que como consecuencia das obras de renovación das conducións de auga potable levadas a cabo nesa rúa, os desperfectos estanse facendo maiores, tal como podemos comprobar na fotografía.

Por este motivo, presentamos o seguinte **ROGO**:

Que o equipo de goberno se dirixa á empresa que realizou esa obra co fin de reclamarlle a subsanación dos desperfectos, entendendo que aínda está en período de garantía, e de non ser o caso, que se arranxe do mellor xeito posible.”

(Reincorpórase Dna. Julia Rodríguez Barreira).

Resposta do Sr. Alcalde:

Parécenos ben que se preocupe dos sumidoiros. Non se preocupe que os vicios da obra serán demandados á empresa responsable. Agora estamos esixindo iso, porque na rúa San Pedro non se fixo.

c) ROGO PARA REPARAR O ASFALTADO DA RÚA DUQUESA DE ALBA



“Nos últimos días levouse a cabo o asfaltado da rúa Duquesa de Alba e que como se pode comprobar in situ, pero tamén nalgunha das fotografía que achegamos, presenta un acabado francamente lamentable para ser unha rúa acabada de executar.

Entendemos que isto é debido á mala calidade do material ou ás condicións inadecuadas á hora de botalo, pero en todo caso non se pode permitir que unha actuación nova quede tan mal, porque a pagamos cos cartos de toda a cidadanía e como xa dixemos noutro rogo, no mes de novembro, é unha lástima que non se aproveitase a reforma para humanizar a rúa e renovar as conducións de abastecemento e saneamento de auga.

Por este motivo, presentamos o seguinte **ROGO**:

Que o equipo de goberno se dirixa á empresa que realizou esta obra co fin de esixirlle que levante o asfaltado e o deixe en óptimas condicións e que non se acepte a obra ata que estea en perfecto estado.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Dígolle o mesmo que nun rogo anterior, a obra quedou moi ben. Ao inicio da rúa, na marxe esquerda hai uns pequenos buratiños, non se preocupe que se arranxará con cargo á empresa.

d) ROGO PARA DARLLES LUZ ÁS FAROLAS APAGADAS NO SEU MOMENTO NA PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DO MONTE E OUTRAS QUE POIDAN ESTAR NA MESMA SITUACIÓN.

(Ponse aquí por sistemática, porque en realidade foi formulado despois do rogo sobre os pasos de peóns na rúa Escultor Francisco Moure).

“No mes de agosto de 2016 persoalmente falei co concelleiro de Medio Rural para solicitarlle que, dado que dende o equipo de goberno se estaba a proceder a darlle luz a todas as farolas que foran apagadas con motivo do plan económico financeiro do ano 2012, que se lembrase de restaurar tamén as farolas ubicadas en diferentes pistas e na propia estrada da parroquia de Santa Mariña. Esta petición foi como consecuencia de proceder a dar luz a tres farolas nesta parroquia que só iluminan un camiño onde non hai ningunha casa e que o único que alumina son uns piñeiros, polo que, ao noso entender, tal actuación carecía de sentido, tendo outras que eran moito máis necesarias, perto de vivendas, que no momento da súa desconexión, non existían casas, pero a día de hoxe, si.

No mes de decembro de 2016, a Asociación de Veciños desa parroquia, presentou un escrito no rexistro do concello solicitando a restauración das luminarias desconectadas había anos.

E a metade do ano 2017, a presidenta da asociación chamouno ao programa de radio dos luns para lembrarlle que as luminarias continuaban na mesma situación.

É posible que existan máis parroquias nas que se estea producindo esta discriminación e que sen motivo aparente, está a sufrir a veciñanza de Santa Mariña, por iso o presente rogo é extensible a calquera outras que se atopen nesta situación.

O certo é que esta situación contrasta notablemente coa publicación na páxina web do concello o pasado día 21 de xaneiro de 2018, onde podemos ler:

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 55 de 71



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200029CEF00C9S1U7T4R9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07

DOCUMENTO: 20180171247



“Dende a chegada ó Concello do actual equipo de Goberno, unha das prioridades era mellorar o alumado público, tanto no urbano coma no rural.

A data de hoxe, no rural xa están en funcionamento máis de 200 puntos de luz que antes non había ou estaban apagados. Na zona urbana, máis de 20 rúas son as que teñen unha iluminación renovada e mellorada.

Coa intención de seguir mellorado, este equipo de goberno planifica agora melloras de iluminación en 9 rúas:

- Paseo da Compañía: 22 puntos de luz*
- Dalmiro de la Válgoma: 5 puntos de luz*
- Escultor Francisco Moure: 29 puntos de luz*
- Avd. Galicia: 38 punto de luz*
- Rúa Sarria: 16 puntos de luz*
- Malloadas: 3 puntos de luz*
- Rúa Manuel Antonio: 7 puntos de luz*
- Rúa Clara Campoamor: 3 puntos de luz*

O que fai un total de 126 luminarias que se van renovar ou mellorar tan pronto coma estean operativos os orzamentos, para conseguir unha mellora na visibilidade e continuar co aforro de consumo eléctrico....”

Nós estamos encantados de que leve a cabo estas melloras, porque consideramos que é necesario para a seguridade e tranquilidade da nosa veciñanza e, por suposto, cantas máis mellore, moito mellor, pero en vista de que as reivindicacións da parroquia de Santa Mariña non se están atendendo, presentamos o seguinte **ROGO**:

Que o equipo de goberno proceda a devolverlle a iluminación ás farolas da parroquia de Santa Mariña do Monte e a todas as outras que aínda poidan estar apagadas en calquera punto da xeografía monfortina.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Non se preocupe, atenderemos á parroquia; non teremos en conta que vostede sexa de aí, ao contrario. Cando vostedes gobernaban, foi cando se apagaron as luces. Seguiremos co alumado segundo as nosas posibilidades.

C) ROGO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 24 DE MARZO DE 2018.

ROGO PARA DIRIXIRSE Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE PASOS DE PEÓNS ELEVADOS NA RÚA ESCULTOR FRANCISCO MOURE.

“Segundo nos fan chegar os veciños da rúa Escultor Francisco Moure, o pasado día 05 de febreiro de 2018, o Concello resolveu, en Xunta de Goberno Local, un escrito presentado por diversos veciños como consecuencia do atropelo dunha persoa nun paso de peóns, no que solicitaban, entre outras cousas, a construción de pasos de peóns elevados.



A petición da veciñanza e sendo coñecedores de que efectivamente a devandita rúa é de titularidade da Xunta de Galicia e que, polo tanto, é da súa competencia presentamos o seguinte **ROGO**:

Que o equipo de goberno se dirixa á Xunta de Galicia, como administración competente da rúa Escultor Francisco Moure de Monforte, para que proceda a construír pasos de peóns elevados co fin de conseguir unha maior seguridade para os usuarios nos mesmos.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Darémoslle traslado á Xunta de Galicia. Que teña máis sorte.

2º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP. Son formulados por D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, dando lectura aos interrogantes ou rogos concretos que figuran. Transcríbense os textos presentados.

A) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2018, REITERADAS PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 16 DE MARZO DE 2018.

a) PREGUNTA DO G. M. DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SOLICITUDE POLO CONCELLO DE MONFORTE DAS AXUDAS PREVISTAS POLA XUNTA DE GALICIA PARA A REPARACIÓN DOS DANOS SUFRIDOS EN CAMIÑOS E BENS MUNICIPAIS.

“Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia, ten habilitado axudas para paliar os danos causados pola vaga de lumes que asolaron a nosa comunidade autónoma o pasado mes de outubro.

A Orde que establecía estas axudas, publicada o 30.10.2017, recollía as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas no Decreto 102/2017, de 19 de outubro, para a reparación de danos causados pola citada vaga de lumes.

Se facultaba as distintas Consellerías, Vicepresidencia , Medio Ambiente , Infraestruturas, Economía e Industria, Medio Rural, Mar e a Axencia de Turismo de Galicia, para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento do citado Decreto, en función da clase de axudas que fosen de aplicación en cada caso.

Entre os beneficiarios destas axudas , están as entidades locais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e os danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal polos incendios.

No Concello de Monforte, resultaron afectados camiños de titularidade municipal que os propios veciños reclamaron que foran reparados, concretamente na parroquia de Chavaga.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Os orzamentos municipais, recollen unha baixada moi apreciable de recursos para os camiños municipais, moito mais nun momento en que queda acreditada a importancia de manter os camiños rurais próximos as vivencias en bo estado para evitar que os lumes cheguen aos núcleos pero tamén para favorecer a súa extinción en caso de incendio.

Este grupo non ten constancia de que os citados camiños teñan sido reparados , pero tampouco de que se teñan solicitado as axudas que dispoñía esta Orde, con tal fin.

Polo dito, este grupo municipal, eleva ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

- 1.- Tense orzamentado o custe da reparación dos camiños municipais que teñan resultado danados con motivo da extinción de incendios producidos no noso Concello o pasado mes de outubro?
- 2.- Cando vai a procederse a reparación e acondicionamento destes camiños?
- 2.- Ten solicitado o Concello de Monforte as axudas necesarias para a reparación dos camiños municipais ou outros bens que resultaran danados por mor da vaga de lumes do pasado mes de outubro?"

(Retíranse da sesión Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo e Dna. Alicia Cadarso Palau).

Resposta do Sr. Alcalde:

Houbo dúas Ordes no DOG. Non eran aplicables aquí. Cando a Subdelegación do Goberno nos requiriu sobre isto, o Concello cumprimentou a ficha correspondente, que foi remitida o 5 de decembro de 2017, cun orzamento da empresa Opaga, por 12.102,27 euros, para danos motivados pola maquinaria de extinción de incendios en Chavaga.

b) PREGUNTA DO G. M. DO PARTIDO POPULAR SOBRE O INCUMPRIMENTO DO CONTRATO POLA EMPRESA CONCESIONARIA DA OBRA DA RUA CONDE SOBRE A RETIRADA DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN.

“Exposición de motivos:

- 1.- O pasado día 12-9-2017 se formalizaba a adxudicación do proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas e renovación do pavimento da rúa Conde, tramitada por procedemento negociado sen publicidade , á entidade Misturas S.A ., por importe de 166.154'78 €

No proxecto desta obra elaborado polo Sr. Rodríguez Domínguez, concretamente no apartado de xestión de residuos se sinala expresamente:"



"El productor de residuos está obligado a :

Prevenir la generación de residuos. Reutilizar y reciclar sus residuos. Hacerse cargo directamente de la gestión de sus propios residuos, o entregarlos a un gestor autorizado para su valorización o eliminación. Afianzar los costes previstos para la gestión de residuos que se produzcan, salvo en el caso de que dicha fianza sea constituida por el gestor del residuo. Sufragar los correspondientes costes de gestión. Obtener la autorización administrativa previa de la Delegación provincial de la Consellería de medio ambiente así como la inscripción en el Registro General de Productores y Gestores de Galicia en los términos señalados en el Decreto 298/2000 de 7 de Diciembre. Facilitar a las administraciones competentes en la materia toda la información que le soliciten "

O citado documento facía unha previsión de xeración de residuos de 1,0087'21 Tn e 597'60 m3. E sinala como medidas a adoptar para acadar os obxetivos , esto é, abrigas da empresa concesionaria da obra:

"El productor de residuos está obligado, siempre que no proceda a gestionarlos por sí mismo, a entregarlos a un gestor, para su valorización o eliminación. En todo caso, se mantendrán almacenados en obra en condiciones adecuadas de higiene y seguridad.

Todo residuo potencialmente reciclable o valorizable, deberá ser convenientemente separado según sus características, evitando su eliminación, en todos los casos posibles. Todos los residuos de especial peligrosidad que puedan producirse, provenientes de la utilización de aceites, disolventes, pinturas, barnices etc., deberán ser convenientemente almacenados, de manera que no se produzcan vertidos al terreno, y en zona cubierta. Serán adecuadamente retirados por la empresa o entidad que los haya suministrado, prohibiéndose expresamente su acumulación con los residuos de construcción "

O proxecto estima en 1.850 €o orzamento para a xestión de residuos de construción e demolición, e sinala expresamente, o lugar onde se depositarán os residuos procedentes da obra: *"Los residuos procedentes de la obra se depositarán en el lugar autorizado más cercano "*.

2.- Recentemente, tivemos coñecemento de que se estaban producindo vertidos ilegais de escombros procedentes desta obra en terrees de uso agrario, na parroquia de Neiras, no Concello de Sober, nas proximidades do Polígono Industrial do Reboredo. Ten aberto unha investigación o Seprona por este vertido de escombros.

Esta práctica, que lle representaría un aforro de custes á concesionaria, supón un atentado contra o medio ambiente, pero tamén un claro incumprimento do contrato que vincula á concesionaria con este Concello, promotor da obra.

3.- O Alcalde ten manifestado que o Concello non lle afecta, porque contratou coa concesionaria o tratamento dos residuos. Nembargantes, o Concello, ten obrigas e dereitos no que atinxe á supervisión das obras, ao cumprimento do contrato, e sobre todo, dificilmente pode demandarlle aos construtores que cumbran con esta obriga de xestión dos recursos, se nas obras das que é promotor o propio Concello, non se ocupa de que se lle de cumprimento.



A empresa ten manifestado que se tratou dun acopio provisional, mais é evidente que onde se depositaron non é lugar autorizado , e mesmo está mais lonxe que o lugar autorizado mais cercano , onde ven abrigada a concesionaria a depositar os residuos.

4.- O Concello ten aprobado unha Ordenanza Xeral de Protección Medioambiental, que establece unha serie de trámites para o produtor de residuos procedentes de demolicións ou cascallos de obras. Non consta que o Concello teña esixido á concesionaria documentación acreditativa de todo o proceso que debe seguir para o tratamento de tales residuos.

Por todo o exposto, este grupo municipal, eleva ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

- 1.- Ten solicitado o Concello á concesionaria Misturas S.A. a documentación acreditativa do proceso que debía ter seguido para o tratamento dos residuos procedentes da obra da rúa do Conde?
- 2.- Qué medidas pensa adoptar o Concello fronte ao incumprimento por parte da concesionaria, do contrato e da ordenanza de protección medio ambiental?
- 3.- Como pretende que os construtores cumpran coa ordenanza de protección medio ambiental, e as abrigas de retirada de residuos si o propio Concello non vela polo seu cumprimento nas obras das que é promotor?

Resposta do Sr. Alcalde:

O Concello cumpre coa legalidade nesa obra. Hai un Director de Obra responsable. As instalacións utilizables poden ser doutro Concello. En Monforte non hai ningún incumprimento. Se o incumprimento é noutro Concello, que o denuncie, non temos coñecemento diso. Non podemos obrigar a usar un xestor determinado.

c) PREGUNTA DO G. M. DO PARTIDO POPULAR SOBRE A COOPERACIÓN COA XUNTA PARA A SELECCIÓN DE POLICÍAS LOCAIS.

“Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia asumirá este ano as oposicións para Policía Local dos Concellos que llo pidan.

O Vicepresidente da Xunta e o Presidente da Fegamp, convocaron aos 313 concellos galegos a unha xornada informativa sobre a centralización das probas selectivas para Policías Locais que se celebrou o pasado 9 de xaneiro na Academia Galega de Seguridade Pública.

Poñíase así en marcha a cooperación da Administración Xeral autonómica cos concellos galegos para a selección de membros da policía local, vixiantes municipais e auxiliares da policía, recollida no DOG no Decreto 115/2017.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Este proceso facilitará a xestión dos concellos para celebrar as probas e cubrir vacantes e permitirá mellorar a profesionalización da Policía Local. A previsión é que este ano teña lugar o primeiro proceso para o ingreso na categoría de policía local e para a cobertura de prazas de auxiliares e vixiantes .

-Da información da que dispón este grupo, o Alcalde de Monforte non participou desa xornada informativa.

-Tendo pendente de cubrir varias prazas de policía local no noso Concello , é polo que este grupo municipal, eleva ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas :

1.- Ten participado vostede na xornada informativa celebrada o pasado 9 de xaneiro na Academia Galega de Seguridade Pública?

2.- Ten pensado o Alcalde acollerse ao mecanismo de cooperación que ofrece a Administración Xeral autonómica os concellos galegos para a selección de membros da policía local, vixiantes municipais e auxiliares da policía, recollida no DOG no Decreto 115/2017?

Resposta do Sr. Alcalde:

1.- O Concello de Monforte non participou porque xa coñecemos o contido na Comisión Executiva da Fegamp e non se adaptaba ás necesidades de Monforte.

2.- Non é útil para os Concellos máis grandes. O importante é que se convocan prazas para a Policía Local en Monforte, dúas están en trámite, outra espero que en breve prazo. Alguén de vostedes dixo que nos deramos presa en convocar sen esperar á Xunta; ao revés, queríamos as tres prazas xuntas, pero o curso de Oficial tardou moito e ao final só sacamos dúas. Eu non estou no tribunal; cando acusen, estarán acusando ao tribunal, deberían ter máis coidado porque os membros do tribunal son autónomos no seu labor. Os policías seleccionados irán a un curso á Estrada que terán que superar.

d) PREGUNTA DEL G. M. DEL PARTIDO POPULAR SOBRE LA FUTURA UBICACIÓN DEL CENTRO DE DROGODEPENDENCIA.

“Exposición de motivos:

El pasado 6.2.2015, se adoptó un acuerdo parlamentario, por el que se instaba a la Xunta de Galicia, a efectuar las gestiones necesarias, con las distintas administraciones, incluyendo la cesión de un edificio público a fin de mejorar las instalaciones de la comisaría de policía de Monforte.

El 11.12.2015, en sede parlamentaria, el Director Xeral de Emerxencias, manifestó en respuesta a una pregunta formulada en el marco de la Comisión 1ª, que el edificio de Sanidad sito en la Avda. Galicia, de Monforte, pertenece al propio Ayuntamiento y que la S.X de Patrimonio dictó resolución en 9.4.15 en la que autorizaba la reversión al Ayuntamiento, al tener cedido únicamente el uso para fines sanitarios del mismo.



En fecha 25.5.2015, la Xunta remitió al Ayuntamiento borrador del acta para que, de ser el caso, acepte la reversión o haga las alegaciones convenientes. El Concello no contestó.

El 23.11.15, la S.X Patrimonio reitera la notificación concediendo al Ayuntamiento un plazo de 15 días para que manifieste su postura sobre la propuesta de reversión, entendiéndose que si no manifiesta nada, se habilitará a la Consellería para disponer libremente del inmueble.

La Xunta liberó el inmueble de los servicios que prestaba en él, trasladándolos a otras dependencias. En la actualidad el único servicio que permanece allí es el Servicio Municipal de Drogodependencia, y es el Ayuntamiento el que debe disponer su traslado.

La respuesta también revela que los técnicos del Area de Arquitectura y Obras de la Subdirección General de Gestión Económica y Técnica de la Dirección General de la Policía, después de inspeccionar el edificio, informaron favorablemente a la viabilidad de las instalaciones para transformarlas en nueva sede de la comisaría por un coste relativamente pequeño, comparado con el proyecto inicial que se había contemplado para ubicarla en la C/ Duquesa de Alba.

Por tanto, la Xunta hizo todo lo necesario para la reversión de este inmueble, liberándolo de sus servicios, los técnicos de la Policía Nacional informaron favorablemente respecto a la viabilidad del mismo, y este grupo, ya en diciembre de 2015, alertaba de la falta de diligencia del Concello, para aceptar la reversión y hacer las gestiones necesarias para cederlo a la Policía Nacional, liberando además el inmueble del servicio que allí se ubica.

Casi tres años después de la resolución de la Xunta que acordaba la reversión del inmueble al Ayuntamiento, el Centro de Drogodependencia sigue ubicado en el centro de sanidad, circunstancia que impide cualquier actuación de cara a ubicar allí la Comisaría.

El Alcalde acaba de anunciar que va a trasladar el Centro de Drogodependencia a otra ubicación.

Dadas las especiales características de los servicios que se prestan en este centro, no cabe trasladarlo para cualquier sitio, por eso este grupo municipal, eleva al Sr. Alcalde la siguiente pregunta:

-Cuál es el lugar al que se tiene previsto trasladar las instalaciones del Centro de Drogodependencia?

-Cuál es el plazo previsto para su traslado?"

Resposta do Sr. Alcalde:

Nos próximos días vaino saber, temos o proxecto case ultimado.

e) PREGUNTA SOBRE OBRAS NA RÚA CONDE.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



- Desde hace algunas semanas se están ejecutando diversas actuaciones en la RÚA CONDE. Las obras, o parte de ellas, parecen corresponder con lo estipulado en el denominado "PROYECTO DE ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS , REORDENACIÓN Y RENOVACIÓN DEL PAVIMENTO DE LA CALLE DEL CONDE. MONFORTE DE LEMOS".

Su objeto es, por tanto, en primer lugar la eliminación de las barreras arquitectónicas de la calle y además la reordenación y la renovación de su pavimento.

En el proyecto referido se dice que

Entre los condicionantes que al redactor del proyecto a la hora de efectuar el encargo se le plantean, es que la pavimentación que se aborde, no debe alterar las rasantes actuales de la calle, ya muy forzadas en algunos casos y respetar la disposición de las instalaciones existentes, arquetas, pozos, sumideros, registros , llaves, etc. Por ello, queda fuera del ámbito de decisión del redactor la reparación de posibles deficiencias que puedan existir relativas a la disposición, trazado o funcionamiento de las instalaciones existentes, ya sean de ámbito municipal o pertenecientes a compañías suministradoras de servicios.

[01. MEMORIA JUSTIFICATIVA Y DESCRIPTIVA . 6. CONSIDERACIONES PREVIAS AL PROYECTO, CONDICIONANTES DEL ENTORNO]

Es decir, el proyecto, por decisión de la entidad promotora, no incluye el estudio del estado de las instalaciones ni contempla actuación alguna sobre ellas.

- Vistas las obras que se realizan y teniendo en cuenta las noticias publicadas en la prensa, parece que los trabajos que se están realizando van más allá de lo proyectado.

Por ello se formulan al Sr. Alcalde las siguientes

PREGUNTAS:

- Teniendo en cuenta que la envergadura de las obras afecta a la totalidad del pavimento y a su sustrato -hasta una profundidad de al menos 40 cm-, si, como parece, desde el ayuntamiento se solicitó, al redactor del proyecto, la exclusión, del ámbito de lo proyectado, de la reparación de deficiencias relativas a la disposición , trazado y funcionamiento de las instalaciones existentes, es razonable pensar que se dispone de los datos suficientes que permiten considerar que, con seguridad , el estado de las instalaciones es el adecuado . En este sentido , ¿existe informe/s técnico/s sobre el estado de las instalaciones soterradas? ¿por quién fue, o fueron , realizado/s? ¿en qué fecha/s?

Si, a pesar de todo, no existen estos informes ¿cuál fue, entonces el criterio seguido para tomar la decisión de no actuar sobre las mismas? ¿con qué fundamento?

¿Se consideró la posibilidad de soterrar las actuales instalaciones aéreas de electricidad y telefonía que transcurren por la zona de actuación? ¿existe algún informe técnico sobre su estado? ¿por qué, en el momento de la realización del encargo del proyecto, se descartó el soterramiento?



En cualquier caso ¿qué instalaciones soterradas existían en la Rúa Conde antes del inicio de las obras? ¿de qué materiales estaban constituidas? ¿qué antigüedad tenían?

Además, ¿se ha efectuado, o se está efectuando, alguna modificación en ellas?, en caso afirmativo ¿en cuáles? ¿en qué consisten? ¿existe proyecto/s o documento/s técnicos que las amparen? ¿qué empresa o empresas las realizan?

Sobre las actuales instalaciones aéreas pertenecientes a compañías suministradoras de servicios, ¿se contactó con ellas? en cualquier caso ¿se prevé el soterramiento de alguna de esas instalaciones?; en caso de respuesta negativa ¿por qué no? ¿se contempla la posibilidad de que sea el propio ayuntamiento el que realice el soterramiento siguiendo, como es natural, las prescripciones de las compañías? ¿no se estima que esta sería una actuación imprescindible en un recinto histórico-artístico declarado Bien de Interés Cultural?

En cuanto a las conducciones correspondientes a la instalación eléctrica de iluminación de la vía pública -por tanto de titularidad municipal- ¿se prevé realizar su soterramiento? ; en caso de respuesta negativa ¿por qué no? ¿no se estima que esta sería una actuación imprescindible en un recinto histórico-artístico declarado Bien de Interés Cultural?

Finalmente, una vez rematadas las obras ¿qué instalaciones soterradas existirán en la Rúa Conde? ¿por qué materiales estarán constituidas? ¿se ha elaborado una estimación del periodo de tiempo en el que, considerando el estado de estas instalaciones, no será necesario realizar actuaciones que afecten a los pavimentos?

2. ¿Se superará el plazo de cuatro meses estimado para finalizar las obras? ¿Existe una fecha límite para su remate? En caso afirmativo ¿cuál? ¿Habría que justificar la fecha de su remate ante otras administraciones?
3. Una vez finalizadas las obras ¿la vía pública cumplirá con la normativa vigente en lo relativo a accesibilidad -primer objetivo de la actuación-? ¿existe, sobre ello, informe técnico de los servicios municipales?

Resposta do Sr. Alcalde:

Voulle contestar máis globalmente. O proxecto da rúa Conde é dun técnico competente para a dirección da obra. Non inclúe o proxecto os servizos que corresponden a cada empresa subministradora. Remitimos escritos aproveitando a obra na rúa Conde. Aqualia si fixo o seu. As demais empresas querían que nós lles fixésemos a obra, cunhas esixencias tremendas. A Telefónica dicía que puña as arquetas, que o resto era por conta do Concello, non o vou facer dese modo. Iso incrementaba a obra, segundo a dirección de obra, polo menos nun 50%. Hai un acta de suspensión das obras para respectar o Nadal. Deberán estar rematadas o 27 de abril. Cumprírase coa accesibilidade.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



B) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2018, REITERADAS PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 16 DE MARZO DE 2018.

(Son dúas, pero unha delas é a mesma sobre a ubicación do Centro de Drogodependencia que foi vista no apartado anterior)

PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SEGURIDADE VIAL DAS ESTRADAS PROVINCIAIS

“Exposición de motivos:

1º O pasado mes de xaneiro de 2018, este grupo presentaba no pleno da Corporación un rogo, en relación ao Plan de Estradas da Deputación de Lugo, para a mellora da seguridade vial das estradas de titularidade provincial.

No mesmo sinalábase unha serie de estradas provinciais que discurren polo noso concello, e nas que se advertía da necesidade de levar a cabo actuacións. Concretamente, nos referíamos:

-A mellora do pavimento e da sinalización horizontal, na LU-3202 (Monforte-Baamorto-Fiolleda).

- A mellora da sinalización horizontal na LU-P-3204, no entorno de Moreda.

- E insistíamos de maneira especial, na necesidade de que se leve a cabo a mellora da seguridade vial na LU-P-3201, que une Monforte con Sober; concretamente o seu paso pola parroquia de Piñeira. Indicábase que, neste punto, a pesares de que a estrada atravesa un núcleo poboacional, e o separa, quedando servizos públicos a ambos lados da estrada, carece de pasos peonís, redutores de velocidade, e unha axeitada sinalización vertical e horizontal.

Estas deficiencias son especialmente graves no entorno dos cruces que levan a Rigueira e As Bodegas, onde os accesos a ambos lados da calzada representan un risco para os conductores e de modo especial para os veciños que teñen que cruzar sen paso de peóns sin redutores de velocidade, en definitiva, con unha absoluta falta de seguridade. Tamén sinalábase que esta estrada, carece tamén dos axeitados arcéns ou marxes delimitados, isto é, zonas de tránsito peonil, que permitan o desprazamento dos peóns en condicións axeitadas de seguridade, a pesares de existir vivendas en ambas dúas marxes da calzada.

Estas peticións coincidían coas recollidas en sendas mocións deste grupo aprobadas en novembro de 2013, e setembro de 2016.

Sinalábase no rogo, que ata de agora, e a pesares de ser trasladados estes acordos plenarios á Deputación Provincial, non ten sido quen de actuar mellorando a seguridade vial desta estrada provincial o seu paso por Piñeira.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 23/05/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 23/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/05/2018 14:20:07



Xa advertíamos dos moitos accidentes que se teñen producido nesta estrada que une Monforte con Sober, e pola que circulan a diario moitos veciños de ambos concellos, sen que a Deputación Provincial teña feito nada para mellorar a súa seguridade viaria.

Por tal motivo, este grupo elevou un rogo a este equipo de goberno e o Alcalde en particular, para que trasladase á Deputación Provincial de Lugo, a necesidade de actuar nas estradas provinciais sinaladas mellorando a súa seguridade vial, no marco do Plan de Estradas, e de maneira especial no que atinxe á estrada que une Monforte con Sober, dando cumprimento ao interesado pola Corporación monfortina, a instancia deste grupo, en relación á seguridade vial desta estrada, adoptando as medidas necesarias, e de modo particular, as propostas en relación ao seu paso pola parroquia de Piñeira.

A prensa ten dado conta de que se iba a actuar nesta estrada LU-3201 de Monforte a Sober.

A nosa sorpresa, é cando comprobamos a documentación do expediente de contratación aprobado en Xunta de Goberno da Deputación, no que se recolle no marco do plan extraordinario de rehabilitación de firmes de vías provinciais 2017-2019, o proxecto de "Rehabilitación de firme LU-P-3201 " Monforte - Sober", pk 0+000 al 0+465, LU-P-3205 "Monforte - Reboredo - LU-P-3201", pk 0+000 al 0+492 y LU-P-3203 "Monforte - Rozabales (LU-P-4702)", pk 1+830 al 4+180 y pk 5+240 al 5+630" con un orzamento base de licitación de 215.023,47 €, por procedemento aberto e acabando o prazo de presentación das ofertas o 06/03/2018.

A sorpresa ven primeiro porque non se recolle ningún dos tramos solicitados por este grupo e dos que se deu traslado dos acordos plenarios existentes.

Consideramos que o Alcalde de Monforte, solicitaría outras estradas distintas as propostas por este grupo.

Pero a sorpresa maior, prodúcese cando revisados os planos, comprobamos que as actuacións que se contemplan e se licitan, corresponden á estrada LU-3201 **diante xusto do Colexio da Compañía, esto é, por diante das Casitas, por riba da explanada e ata o inicio de Carude**, e por outra parte, na LU-3205, **dende o extremo da explanada do Bar Cristal, ata pouco antes do campo do Luis Bodegas**.

No primeiro caso, advírtese o despropósito de pretender facer unha pavimentación de estrada diante xusto do Colexio da Compañía, e no segundo tampouco se entende unha actuación sobre a rúa Reboredo que se ten renovado recentemente e se atopa en bo estado.

Concluimos que, o Concello de Monforte, ou non ten trasladado as peticións deste grupo, ou non ten trasladado peticións propias, ou non ten revisado o que se solicitaba mellorar, ou no afán de pavimentar rúas do Alcalde, pretende ata pavimentar unha diante da fachada do propio Colexio de Nosa Sra. Da Antigua.

Por eso este grupo formula as seguintes preguntas:

1.- Ten o Alcalde comprobado as estradas e tramos nos que pretende actuar a Deputación Provincial de

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.03.2018

Páxina 66 de 71



Lugo no noso Concello, con cargo ao Plan de Estradas?

2.- Considera axeitadas as actuacións que se prantexa acometer, considerando que contemplan unha actuación sobre un elemento no que non hai estrada algunha, e outra sobre unha rúa recentemente renovada?

3.- Cal é motivo polo que non se teñen contemplado as actuacións nas estradas recollidas en acordos plenarios dende 2013 a instancia deste grupo, e particularmente na LU-3201 ao seu paso pola parroquia de Piñeira?"

Resposta do Sr. Alcalde:

Si considero as actuacións axeitadas, foron propostas polo Concello. Posiblemente teñan un erro no grafiado, por exemplo na rúa Carude empeza o kilómetro 0, está na esquina do Paseo de Lugo, pero na rúa Reboredo, é a partir do paso a nivel ata o taller. A actuación do barrio novo de Santa Mariña é ata o enlace con Caneda, o sobrante será para dar continuidade en dirección a Rozabales.

C) ROGO ENTREGADO AO INICIO DA SESIÓN ANTERIOR, REITERADO PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 16 DE MARZO DE 2018.

ROGO SOBRE ARRANXO DE CAMIÑOS.

“Antecedentes :

Realizada visita a varias parroquias puidemos constatar que neste concello o estado dos camiños no rural é lamentable.

A meirande parte dos camiños presentan un estado de conservación pésimo, co firme moi deteriorado, coa presenza de incontables fochancas que dificultan o tránsito dos vehículos e cunetas ateigadas de terra que comprometen a durabilidade destas infraestruturas.

Non é a primeira vez que presentamos rogos para que se atendan os viales do rural e se proceda a realizar as labores de mantemento pertinentes, por ilo presentamos neste Pleno o seguinte :

ROGO :

Que á maior brevidade posible se proceda :

1. Ao arranxo, na parroquia de **Bascós**, do camiño **031-006** titularidade deste concello dende o enlace coa estrada LU-933 ata o lugar de “O Campo”.
2. Na mesma parroquia, a solicitar a administración estatal o arranxo da vía de servizo que discurre polo lateral esquerdo da estrada N-120 Logroño - Vigo que partindo do lugar de “O Campo” chega ata o paso elevado que permite cruzar dita estrada nacional .

3. Ao arranxo, na parroquia de **Valverde**, do camiño **031-005** titularidade deste concello dende o enlace coa estrada LU-109 ata a parroquia da Parte, concretamente ata o lugar donde se celebra a festa campestre do “San Mateo”.
4. Ao arranxo, na parroquia de **Piñeira**, do camiño **031-120** titularidade deste concello dende o enlace coa estrada provincial LU- 3201 ata o enlace co camiño de servizo do regadío.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Recollemos os seus rogos e trasladamos o do Estado.

D) ROGO IN VOCE.

ROGO DE ARRANXO DE RÚAS OBXECTO DE ACORDO NO PLENO DO 21/02/2017.

Formúlao D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez para lembrar que se proceda ao arranxo das rúas que figuran nun acordo da sesión do Pleno municipal do 27 de febreiro de 2017 (ver moción do punto 8 da orde do día).

Resposta do Sr. Alcalde:

Das actuacións dese acordo, no que se refire á Praza da Estación, non está claro se é de Adif e non do Concello.

3º.- ROGOS E PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE. Son formulados por Dna. Maribel García Díaz.

A) ROGO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2018, REITERADO PARA ESTE PLENO EN ESCRITO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 19 DE MARZO DE 2018.

ROGO SOBRE RÚA DO CONDE.

“Exposición de motivos.

Dende espartamonforte! entendemos que coidar do noso patrimonio pasa por tomar decisións arriscadas e consideramos que nunca é tarde para empezar a construír un novo Monforte.

Unha cidade menos exposta ao tránsito de vehículos ca axuda do plan especial e ca vontade política do equipo de goberno.



Ofrecemos o noso apoio á modificación do plan de arranxo da rúa Conde e por isto rogamos ao equipo de goberno que considere dita modificación para que a rúa Conde sexa peonil e teña un acabo acorde ás indicacións do plan especial.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Nós estamos polos servizos, pero non con diñeiro público, senón a cargo das empresas subministradoras.

A estas alturas das obras, xa non é posible que a rúa sexa peonil.

B) ROGO E PREGUNTA *IN VOCE*.

a) ROGO SOBRE A VELOCIDADE NA RÚA CHANTADA.

Para transmitir a queixa dos veciños da rúa Chantada pola velocidade nesa rúa. Xa o teño traído ao Pleno. O rogo é para que se lle pida á Policía Local que poña os medios precisos para controlar isto.

Resposta do Sr. Alcalde:

Unha señora na radio falou de kamikazes, non se trata exactamente diso. Á Policía Local xa lle demos comunicación desa queixa.

b) PREGUNTA SOBRE ARRANXO DE BEIRARRÚA NA RÚA OURENSE.

Sobre obras mal rematadas xa se falou aquí. Está o arranxo concreto na beirarrúa da rúa Ourense, onde quedan desniveis significativos. Aí foi o meu problema de caída e de ter mal o nocello.

Resposta do Sr. Alcalde:

Pretendemos que a brigada de obras municipal arranxe aí unha pozas.

4º.- ROGOS E PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. Son formulados por D. Emilio José Sánchez Iglesias.

A) PREGUNTA E ROGOS PRESENTADOS POR REXISTRO O DÍA 23 DE MARZO DE 2018.

(Os rogos xa foran presentados para o Pleno anterior).

a) PREGUNTA RELATIVA Ó ALBERGUE DE ANIMAIS PERDIDOS OU ABANDONADOS.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tendo en conta o xa anunciado compromiso por parte da deputación de dotar a Monforte dunhas dignas instalacións para o uso de canceiras ou albergue para animais perdidos ou abandonados, que ademais dá



cobertura ó resto de concellos da comarca que como única aportación deste Concello sería a cesión dos terreos destinados para este fin, presentamos as seguintes preguntas:

- Que pasos se teñen dado para que isto se leve a cabo?
- En que fase se atopa este proxecto?"

Resposta do Sr. Alcalde:

Temo falado coa Deputación; se é un ente supramunicipal o que constrúa esa canceira, o Concello vai colaborar mesmo cunha parcela. O ano pasado non había diñeiro para comprala, teño documentos do persoal técnico de contratación sobre como habería que facer. É unha parcela ben ubicada e con servizos. O Concello de Monforte non se fará responsable do conxunto da comarca.

b) ROGO RELATIVO A MELLORA DA ESTRADA DAS NOCEDAS.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Nocedas é unha das parroquias limítrofes ca cidade e que está unida con esta por unha estrada pertencente a rede municipal. Dita estrada presenta un deplorable estado de tránsito por mor de fochancas no seu firme, cortes transversais, así como unhas cunetas deficientes á hora de evacuar auga, polo que esta fica embalsada en varios tramos do traxecto. Un dos obxectivos dos que temos que cumprir é o de reactivar do mundo rural e temos que comezar polos servizos, xa que estes veciños das Nocedas teñen que pasar tódolos días por esta estrada co perigo que o seu estado leva consigo. (Achega fotografías).

SOLICITO:

Que se adopten as medidas necesarias para deixar esta rúa nun óptimo estado para o seu tránsito.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Imos seguir asfaltando. As Nocedas irá nesta primavera.

c) ROGO RELATIVO Á FONTE DO EMBARCADOIRO DO SIL.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un dos nosos reclamos turísticos son as rutas fluviais no Sil, que saen dende o embarcadoiro de Concello de Monforte de Lemos na parroquia de Marcelle. Perante ao embarcadoiro existe unha fonte municipal que presenta un estado deficiente no a que limpeza e conservación se refire. Feito que non é a mellor imaxe que podemos dar aos nosos visitantes.



SOLICITO:

Que se limpe e se acondicione debidamente a devandita fonte.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Se é nosa, hai que arraxala; cara á temporada turística.

B) ROGO PRESENTADO POR REXISTRO PARA O ANTERIOR PLENO O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2018.

ROGO RELATIVO AO ESTADO DA RÚA CARUDE

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das rúas máis transitadas do casco urbano pola súa situación é a rúa Carude, que da servizo a unha ampla parte da nosa veciñanza ademais de ser a rúa principal para acceder á piscina, ao pavillón, así como a saída para Piñeira e para Sober. Esta rúa presenta un estado deficiente por mor das obras que se foron realizando, así como polo alto nivel de tráfico. Estas deficiencias son basicamente fochancas que, coa chuvia destes días foron a máis, poñendo en perigo tanto a condutores como a peóns polo estreito da rúa. Ao noso entender é urxente unha intervención para que o deterioro da estrada non vaia a máis. Aproveitando positivamente o compromiso que ten este goberno por asfaltar rúas.

“SOLICITO:

Que se actúe a maior brevidade posíbel na capa de rodaxe de dita estrada, así como o resto de intervencións sexan precisas.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Témola para os plans provinciais.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as catro horas e doce minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 30/04/2018)

